



Convocatoria Exame de Acceso á Avogacía 2024

*CONVOCATORIA DA PROBA DE AVALIACIÓN DE APTITUDE PROFESIONAL PARA O EXERCICIO DA PROFESIÓN DA
AVOGACÍA PARA O ANO 2024*

MODALIDADE EN LIÑA

NOTA: Debido á modalidade en liña do exame e á aleatoriedade das preguntas e respostas, o seguinte modelo recolle o contido íntegro das preguntas e respostas, e salienta en formato vermello a resposta correcta.

A. MATERIAS COMÚNS AO EXERCICIO DA PROFESIÓN DE ABOGADO/A

1 - Carla, profesional da avogacía, participa nun procedemento de contratación suxeito á lexislación de contratos do sector público. Para os efectos de dar cumprimento ao previsto no prego, pode Carla incluír no seu historial profesional referencias aos clientes para os que prestou servizos?

- a) En ningún caso.
- b) Si, sempre que os clientes non o prohibisen expresamente e que se respecte o deber de confidencialidade e a normativa sobre protección de datos persoais, sen infrinxir o dereito á intimidade das persoas físicas.
- c) Si, aínda cando os clientes o prohibisen expresamente, ao se trataren de servizos prestados por ela mesma.
- d) Única e exclusivamente cando os clientes o autorizasen expresamente ao tempo de seren prestados os servizos.

2 – Carmen, profesional da avogacía, ten intención de interpoñer, en nome do seu cliente, unha acción de responsabilidade civil derivada do exercicio profesional contra a súa compañeira Ana. Ten algunha obriga de comunicación co colexio?

- a) Non, pois unicamente estaría obrigada a comunicarlle ao colexio a súa intención de interpoñer a acción se a interpuxese en nome propio.
- b) Non, pois unicamente está obrigada a comunicar a Ana a súa intención de interpoñer a acción, sen que exista obriga de comunicación ao colexio.
- c) Si, está obrigada a comunicarlle ao colexio a intención de interpoñer a acción.
- d) Non, pois unicamente estaría obrigada a comunicarlle ao colexio a súa intención de interpoñer unha acción penal.

3 – Carlos presta os seus servizos como profesional da avogacía a unha empresa de servizos de arquitectura. Está obrigado a entregar factura ao cliente dos servizos prestados?

- a) Si, deberá entregar factura ao cliente que terá que cumprir con todos os requisitos legais e deberá expresar detalladamente os diferentes conceptos dos honorarios e a relación de gastos.
- b) Non, pois só existiría obriga de entregar factura no caso de servizos prestados por unha sociedade profesional.
- c) Non, pois só existiría obriga de entregar factura no caso de servizos prestados a unha persoa física.
- d) Non, pois os profesionais da avogacía nunca teñen a obriga de entregarlle factura ao cliente.

4 – Raúl, tras obter o título profesional de avogado, quere incorporarse ao Ilustre Colexio da Avogacía de Madrid como colexiado non exercente. Sinala a resposta correcta:

- a) Para incorporarse como colexiado non exercente deberá carecer de antecedentes penais por delitos que leven aparelhada a imposición de penas graves.
- b) Para incorporarse como colexiado non exercente deberá superar un exame psicotécnico específico para non exercentes no Ilustre Colexio da Avogacía de Madrid.
- c) Para incorporarse como colexiado non exercente deberá formalizar a alta no Réxime de Seguridade Social que corresponda.
- d) Para incorporarse como colexiado non exercente non é preciso cumprir ningún requisito adicional á posesión do título profesional que o habilite para o exercicio da profesión da avogacía.

5 – Sinale a consecuencia penal a que se enfronta Blanca, profesional da avogacía cando, nun proceso xudicial, no exercicio das súas funcións e co fin de favorecer o seu cliente, presenta a propósito unha testemuña falsa:

- a) Ningunha, pois a presentación a propósito dunha testemuña falsa por un avogado no exercicio das súas funcións non está tipificada como delito no Código penal, sen prexuízo da responsabilidade disciplinaria a que puidese dar lugar.
- b) Poderá ser condenada por un delito de obstrución á xustiza.
- c) **Poderá ser castigada coa mesma pena prevista para a testemuña que faltar á verdade no seu testemuño, na súa metade superior.**
- d) Poderá ser castigada coa mesma pena prevista para a testemuña que faltar á verdade no seu testemuño, na súa metade inferior.

6 – Adrián pretende o exercicio dunha acción penal por unha negligencia médica causante dunha penosa secuela. Para ese efecto visita a Marta, profesional da avogacía, quen, logo de estudar o asunto, aprecia a case segura inexistencia de responsabilidade penal e propón a reclamación por vía civil. Adrián insiste na presentación da querela. Que debe facer Marta?

- a) Atender o desexo do seu cliente malia a súa convicción do fracaso da acción penal, pero advertíndolle por escrito das nulas posibilidades de éxito, co que salvaría a súa responsabilidade.
- b) Atender o desexo do seu cliente, porque prevalece o dereito de defensa e o letrado debe tratar o seu cliente con base no principio de confianza, esencial no exercicio da avogacía
- c) O exercicio da avogacía non é un contrato de mandato, polo que, ante simples decisións técnicas como a exposta, o letrado pode impoñer o seu criterio, acudindo á reclamación por vía civil que rexeita Adrián, mesmo contra o criterio do cliente.
- d) **Pode negarse a presentar a querela, porque o letrado non está obrigado a aceptar o encargo e pode rexeitar as instrucións que, en contra dos propios criterios profesionais, pretenda impoñer o cliente.**

7 – Sinale cal das seguintes condutas, cometida por un profesional da avogacía, constitúe unha infracción moi grave:

- a) Non comunicar ao colexio o cambio de domicilio profesional.
- b) **O abandono da defensa que lle fora confiada cando se cause indefensión ao cliente.**
- c) A embriaguez cando afecte o exercicio da profesión.
- d) Comprometer nas súas comunicacións co profesional da avogacía da parte contraria o propio cliente con comentarios que poidan causarlle desprestixio.

8– Sinale cal das seguintes circunstancias dará lugar á perda da condición de colexiado:

- a) A comisión polo colexiado de calquera infracción, de maneira automática e con independencia da sanción imposta.
- b) A falta de pago de dúas mensualidades da cota obrigatoria.
- c) **A sanción de expulsión do colexio acordada por resolución firme en expediente disciplinario.**
- d) A imposición dunha sanción de multa pecuniaria.

9 - Sinale que dereito, en relación co exercicio da avogacía, recoñece a Constitución española do 27 de decembro de 1978:

- a) **Todas as persoas teñen dereito á defensa e á asistencia de letrado.**
- b) O profesional da avogacía ten dereito ao reintegro dos gastos ocasionados.

- c) Unicamente os españois teñen dereito á defensa e á asistencia de letrado.
- d) Os estranxeiros terán, en todo caso, dereito á asistencia gratuíta de letrado.

10 - Os tribunais superiores de xustiza teñen xurisdición:

- a) **No ámbito territorial da súa respectiva comunidade autónoma.**
- b) No ámbito territorial da súa respectiva provincia.
- c) No ámbito territorial do seu respectivo partido.
- d) En toda España.

11 – Os xulgados centrais do contencioso-administrativo teñen a súa sede:

- a) Na cidade de Sevilla.
- b) Existirá unha sede en todas e cada unha das comunidades autónomas.
- c) No lugar que estableza o Goberno en cada lexislatura, oído previamente o Consello Xeral do Poder Xudicial.
- d) **Na vila de Madrid.**

12 – Sinala a resposta correcta en relación coa competencia dos tribunais españois.

- a) Os tribunais españois poderán declinar a súa competencia cando o suposto litixioso presente vinculación con España, sempre que os tribunais dos distintos Estados conectados co suposto declinasen a súa competencia.
- b) **En defecto de submisión expresa ou tácita e aínda que o demandado non tivese o seu domicilio en España, os tribunais españois serán competentes en materia de obrigas extracontractuais, cando o feito danoso se producise en territorio español.**
- c) Os tribunais españois serán sempre competentes en materia de sucesións cando o habente causa teña a súa residencia en España, con independencia do lugar da última residencia habitual do causante e o lugar onde se atopen os bens.
- d) Serán sempre competentes os tribunais españois, aínda que a súa competencia non resulte doutras disposicións, cando compareza ante eles o demandado naqueles supostos en que a comparecencia teña por obxecto impugnar a competencia.

13 – Impúgnase un Decreto da Alcaldía do Concello de Huelva polo que se aproban os criterios xerais que deben rexer os procesos selectivos extraordinarios de consolidación de emprego no referido Concello. O Xulgado do Contencioso-administrativo ante o que se interpón o recurso entende que a competencia lle corresponde á xurisdición social, por establecer o Decreto unha convocatoria de emprego de persoal laboral. O Xulgado do Social nº 1 de Huelva considera competente a xurisdición contencioso-administrativa, ao impugnarse unha disposición xeral de rango inferior á lei. Logo de exposto o conflito de competencia negativo entre ambos os xulgados, a quen corresponde a súa resolución?

- a) **A unha Sala especial do Tribunal Supremo, presidida polo presidente e composta por dous maxistrados, un por cada orde xurisdicional en conflito, que serán designados anualmente pola Sala de Goberno.**
- b) Á Sala Primeira do Tribunal Supremo, ao ser a que non se atopa afectada polas ordes xurisdicionais en conflito.
- c) Ao órgano inmediato superior común, isto é, a Audiencia Provincial de Huelva.
- d) Ao órgano inmediato superior común, isto é, o Tribunal Superior de Xustiza de Andalucía.

14 – Un cliente diríxese a un profesional da avogacía manifestando o seu interese en contratar os seus servizos para unha execución derivada dun laudo arbitral ditado ao seu favor. Con todo, descoñece se para a execución derivada dun laudo arbitral se requirirá a intervención de avogado. Sinala a resposta correcta:

- a) En ningún caso, ao derivar a execución dun mecanismo extraxudicial de conflitos.
- b) En todo caso, con independencia da cantidade pola que se despache execución.
- c) Unicamente naqueles supostos nos que a cantidade pola que se despache execución sexa superior a 500.000 euros, non requiríndose a intervención cando a cantidade sexa inferior.
- d) Sempre que a cantidade pola que se despache execución sexa superior a 2.000 euros.

15 – Os actos realizados ao amparo do texto dunha norma que persigan un resultado prohibido polo ordenamento xurídico:

- a) Considéranse plenamente válidos e non poderán ser atacados, pois o relevante non é o fin, senón o amparo do acto no texto dunha norma.
- b) Considéranse executados en fraude de lei, aínda que nunca poderá aplicarse a norma que se tratase de eludir.
- c) Considéranse executados en abuso de dereito.
- d) Considéranse executados en fraude de lei e non impedirán a debida aplicación da norma que se tratase de eludir.

16 – Jorge pretende exercitar unha acción por infracción dun dereito de propiedade intelectual e formula, como dilixencia preliminar, solicitude de dilixencias de obtención de datos sobre a orixe e redes de distribución das obras que, entende, infrinxen o seu dereito de propiedade intelectual. Consulta cun profesional da avogacía para que lle resolva a cuestión de quen deberá facerse cargo dos gastos que se lles ocasionen ás persoas que teñan que intervir nas dilixencias. Sinala a resposta correcta:

- a) Serán a cargo das persoas que deban intervir nas dilixencias.
- b) Serán a cargo de Jorge, como solicitante das dilixencias preliminares, quen debe ofrecer caución ao pedir as dilixencias.
- c) Serán a cargo do órgano xudicial que acorde a práctica das dilixencias preliminares.
- d) Procede advertir a Jorge da imposibilidade, tras a reforma operada na normativa procesual no ano 2024, de solicitar dilixencias preliminares.

17 – A resolución dunha cuestión incidental de especial pronunciamento exposta no proceso realizarase:

- a) Coa debida separación, na sentenza definitiva.
- b) Mediante providencia.
- c) Mediante auto.
- d) Mediante dilixencia de ordenación.

18 – A Laura, profesional da avogacía, notifícaselle unha sentenza que acolle a demanda interposta en nome e representación do seu cliente. Con todo, a resolución é confusa, polo que considera solicitar aclaración da sentenza, é posible?

- a) Non, os tribunais non poderán aclarar os conceptos escuros das sentenzas, consecuencia da invariabilidade das mesmas.
- b) Non, pois unicamente procede solicitar aclaración en relación cos autos.

c) Si, sen límite temporal para presentar a solicitude de aclaración.

d) Si, no prazo dos dous días hábiles seguintes.

19 – Que recurso caberá interpoñer contra o auto que acorde a suspensión dun asunto civil por prexudicialidade penal?

a) Non caberá recurso ningún.

b) Recurso de apelación.

c) Recurso de reposición.

d) Recurso directo de revisión.

20 – Para os efectos de comprobar a insuficiencia de recursos para litigar de quen puidese ser beneficiario de asistencia xurídica gratuíta, considerarase:

a) Unicamente as rendas do posible beneficiario.

b) Unicamente os bens patrimoniais do solicitante.

c) As rendas e outros bens patrimoniais do solicitante, sen que proceda considerar ningunha outra circunstancia adicional.

d) As rendas e outros bens patrimoniais ou circunstancias do solicitante e ademais os signos externos que manifesten a súa real capacidade económica.

21 – Martín, quen obtivo o recoñecemento do dereito á asistencia xurídica gratuíta, foi condenado en custas na resolución que pon fin ao proceso. Consulta co profesional da avogacía que o asistiu se queda obrigado a pagalas. Sinala a resposta correcta:

a) Si, debe proceder ao pago inmediato pois o recoñecemento do dereito á asistencia xurídica gratuíta non comprende, en ningún caso, a obriga de pagar as custas.

b) Non, en ningún caso, ao gozar de tal beneficio ao tempo do ditado da resolución, con independencia de cal sexa a súa situación futura.

c) Si, pero unicamente as causadas na súa defensa.

d) Quedará obrigado a pagar as causadas na súa defensa e as da parte contraria, se dentro dos tres anos seguintes á terminación do proceso viñer a mellor fortuna.

22 – Jordi, profesional da avogacía, é sancionado por unha infracción grave relacionada cunha actuación desenvolvida na prestación dos servizos na quenda de oficio. Terá tal sanción algunha incidencia na continuidade de Jordi na prestación dos servizos da quenda de oficio?

a) Non, pois o expediente disciplinario resulta alleo á prestación de tales servizos.

b) Si, pois a sanción imposta leva aparellada, en todo caso, a exclusión do profesional da avogacía dos ditos servizos por un prazo mínimo de seis meses e inferior a un ano.

c) Non, pois a sanción unicamente levaría aparellada a exclusión se fose imposta por unha infracción moi grave.

d) Si, pois a sanción imposta leva aparellada, en todo caso, a exclusión do profesional da avogacía dos ditos servizos de maneira definitiva.

23 – Nos procesos declarativos, conforme á Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuizamento civil, as custas da primeira instancia imponse:

a) Á parte que vise rexeitadas todas as súas pretensións, salvo que o tribunal aprecie, e así o razoe, que o caso presentaba serias dúbidas de feito ou de dereito.

- b) Nos procesos declarativos non é posible impoñer as custas a ningunha das partes.
- c) Á parte que vise rexeitadas as súas pretensións, sen que o Tribunal poida excepciónar esta regra por apreciar e razoar que o caso presenta serias dúbidas de feito ou de dereito.
- d) En todo caso, ao tratarse dun proceso declarativo, cada parte aboará as custas causadas á súa instancia e as comúns por metade.

24 – Nun proceso seguido ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa, poden ser impostas as custas ao Ministerio Fiscal?

a) En ningún caso.

- b) Si, na orde xurisdiccional contencioso-administrativa é na única en que se permite a imposición de custas ao Ministerio Fiscal.
- c) Si, pero só no caso de que a sentenza resulte contraria á posición do Ministerio Fiscal no proceso.
- d) Si, pero unicamente deberá aboar unha cantidade total que non exceda da terceira parte da contía do proceso.

25 – A taxación de custas:

- a) Non poderá ser impugnada.
- b) Poderá ser impugnada por excesivos ou indebidos.**
- c) Unicamente poderá ser impugnada por incluír gastos indebidos.
- d) Unicamente poderá ser impugnada por incluír un importe de honorarios excesivo.

26 - Juana e Fernando son avogados e crearon un despacho colectivo. Juana vai emitir a súa primeira minuta a un cliente, que atendeu ela sen axuda de Fernando. Debe deixar constancia na minuta de que é integrante dun despacho colectivo?

- a) Non é necesario, pois abonda con que figure o seu nome completo.
- b) Si. Na minuta deberá deixar constancia da súa condición de profesional da avogacía agrupada nun despacho colectivo. Os honorarios corresponderanlle ao colectivo sen prexuízo do réxime interno de distribución que conviñesen.**
- c) En ningún caso pode facer constar na minuta que é integrante dun despacho colectivo, ao ser persoal a intervención de Juana.
- d) Juana poderá decidir se fai ou non mención ao despacho colectivo na súa minuta, non sendo obrigatoria ao intervir sen o seu compañeiro no asunto.

27 – A contía dos honorarios dun profesional da avogacía:

- a) Vén detallada especificamente por norma con rango de lei que determina o importe da contraprestación a que o profesional da avogacía ten dereito por cada un dos servizos prestados.
- b) Será imposta polo profesional da avogacía sen necesidade de respectar norma ningunha.
- c) Será libremente convida entre o cliente e o profesional da avogacía con respecto ás normas deontolóxicas e sobre defensa da competencia e competencia desleal.**
- d) Será libremente determinada polo cliente.

28 – Sinala a condición necesaria para que os profesionais da avogacía poidan asociarse en réxime de colaboración multiprofesional con outros profesionais liberais non incompatibles:

- a) Que a agrupación teña por obxecto a prestación de servizos conxuntos, entre os que deberán incluírse necesariamente servizos xurídicos que se complementen cos doutras profesións.**

- b) Que a agrupación teña como obxecto exclusivo o exercicio profesional da avogacía e que estea integrada só por profesionais da avogacía, sen limitación de número.
- c) Que a agrupación teña por obxecto a prestación de servizos conxuntos, aínda cando non inclúan servizos xurídicos.
- d) Non é posible que os profesionais da avogacía se asocien en réxime de colaboración multiprofesional con outros profesionais liberais non incompatibles.

29 – En caso de conflito entre as normas deontolóxicas aprobadas polo Consello Xeral da Avogacía e as contidas nos estatutos colexiais, prevalecerán:

- a) **As normas deontolóxicas aprobadas polo Consello Xeral da Avogacía Española.**
- b) As normas deontolóxicas contidas nos estatutos colexiais.
- c) Prevalecerán, conforme ao principio *prior in tempore*, as normas que fosen primeiramente aprobadas.
- d) As normas deontolóxicas que determine o Tribunal Supremo para cada caso concreto, ao que haberá que acudir en cada suposto de conflito entre as normas deontolóxicas aprobadas polo Consello Xeral da Avogacía Española e as normas deontolóxicas contidas nos estatutos colexiais.

30 – Lola, profesional da avogacía, emitiu, a pedimento do seu cliente, un informe que contén valoracións profesionais sobre o resultado dun asunto. Pode Lola dar a coñecer a un terceiro o contido do dito informe?

- a) Si, sen necesidade de comunicarllo ao seu cliente, ao tratarse dun informe emitido por Lola no exercicio da súa actividade profesional e sobre o que ten todos os dereitos.
- b) **Si, pero unicamente cando o cliente o autorice de maneira expresa.**
- c) Si, pero unicamente cando o cliente non o prohibise expresamente ao formular a petición.
- d) Non, en ningún caso, nin aínda que o cliente de maneira expresa o autorice.

31 – Un cliente de Andrea, profesional da avogacía, propónlle que, nun proceso xudicial no que intervéñ como demandante, solicite a declaración testemuñal do profesional da avogacía da parte contraria. Debe acceder á súa petición e solicitar a declaración testemuñal?

- a) Si, pero só no caso de que considere que a proposición da proba pode favorecer o seu cliente.
- b) **Non, pois está obrigada como profesional da avogacía a se abster de tal actuación.**
- c) Si, pois debe seguir as indicacións do seu cliente en calquera caso.
- d) Pode ou non solicitalo segundo estime conveniente atendendo as circunstancias concretas do asunto.

32 – Sinale cal das seguintes obrigas corresponde a todo colexiado:

- a) Aprobar ou propoñer á Xunta Xeral o establecemento de criterios orientadores de honorarios profesionais para os efectos de taxación de custas e xura de contas e emitir informes periciais respecto diso cando cumpra.
- b) Establecer a necesaria coordinación cos Consellos Autonómicos de Colexios da Avogacía.
- c) Convocar eleccións para prover os cargos de Decano.
- d) **Denunciar ante o colexio todo acto de intrusión ou exercicio ilegal que chegue ao seu coñecemento.**

33 – Sinale cal das seguintes sancións poderá impoñerse a un profesional da avogacía pola comisión dunha infracción disciplinaria:

- a) **Multa pecuniaria.**
- b) Privación de liberdade.
- c) Demérito.

d) Traslado forzoso.

34 – A anotación dunha sanción de apercibimento no expediente persoal do colexiado cancelárase:

- a) Cando transcorran seis meses contados desde o día seguinte ao cumprimento da sanción, sen que o colexiado incorrese en nova responsabilidade disciplinaria.
- b) Cando o colexiado se xubile, ata entón non poderá ser cancelada a anotación da sanción no expediente persoal.
- c) Cando transcorran cinco anos sen que incorrese en nova responsabilidade disciplinaria, ao ser o apercibimento a sanción máis grave.
- d) A sanción de apercibimento non se anotará no expediente persoal do colexiado, polo que non está suxeita a prazo para a súa cancelación.

35 – A competencia para coñecer do recurso de amparo corresponde:

- a) Ao Tribunal Supremo.
- b) Ao Tribunal Constitucional.
- c) Á Sala do Contencioso-administrativo da Audiencia Nacional.
- d) O Tribunal de Xustiza da Unión Europea.

36 – Que consecuencia se atribúe a todo acto que pola intención do seu autor exceda manifestamente os límites normais do exercicio dun dereito, con dano para terceiro?

- a) Considerarase executado en fraude de lei.
- b) Considerarase executado conforme as esixencias da boa fe.
- c) Dará lugar á correspondente indemnización e á adopción das medidas xudiciais ou administrativas que impidan a persistencia no abuso.
- d) Considerarase necesariamente como erro de dereito.

37 – Que efectos terá a decisión dun tribunal civil, para os sós efectos prexudiciais, de coñecer dun asunto que estea atribuído aos tribunais da orde contencioso-administrativa?

- a) Producirá plenos efectos fóra do proceso en que se produza.
- b) Non producirá efecto fóra do proceso en que se produza.
- c) Un tribunal civil non poderá coñecer para os efectos prexudiciais dun asunto que estea atribuído aos tribunais da orde contencioso-administrativa.
- d) Un tribunal civil unicamente poderá coñecer para os efectos prexudiciais dun asunto que estea atribuído aos tribunais da orde penal.

38 - Cando un tribunal estime que para poder emitir a súa resolución, en calquera fase do procedemento, resulta necesaria unha decisión sobre a interpretación do dereito da Unión, que deberá facer?

- a) Expoñerá cuestión prexudicial ante o Tribunal de Xustiza da Unión Europea.
- b) Expoñerá cuestión de constitucionalidade ante o Tribunal Constitucional.
- c) Non poderá facer outra cousa que decidir o propio Tribunal sobre a interpretación do dereito da Unión.
- d) Dará traslado das actuacións ao Tribunal Supremo, para que resolva sobre a cuestión.

39 – Que consecuencia procesual producirá a existencia dunha cuestión incidental que supoña, pola súa natureza, un obstáculo á continuación do xuízo polos seus trámites ordinarios?

- a) Deberá continuar o procedemento, obviando a formulación da cuestión incidental.
- b) Rexeitaranse de plano.
- c) Suspenderase o curso das actuacións ata que sexan resoltas.
- d) Resolverase de forma automática mediante decreto.

40 – Un cliente expón a un profesional da avogacía a súa intención de impugnar a resolución que lle denega o dereito á asistencia xurídica gratuíta. Consulta se é posible a súa impugnación e se, para iso, será necesaria a intervención de avogado. Sinala a resposta correcta:

- a) Non poderá impugnala, pois as resolucións da Comisión de Asistencia Xurídica Gratuíta nunca son impugnables.
- b) Non poderá impugnala, pois unicamente poderá impugnarse a resolución que revogue o dereito á asistencia xurídica gratuíta.
- c) Si poderá impugnala e para a impugnación é preceptiva a intervención de avogado.
- d) Si poderá impugnala e para a impugnación non é preceptiva a intervención de avogado.

41 – Sinala a consecuencia do feito de que nun colexiado concorra un impedimento que non permita o cumprimento da misión de defensa e asesoramento que ao profesional da avogacía se lle encomenda, determinando a súa incapacidade para o exercicio da avogacía:

- a) Será expulsado do colexio.
- b) Supoñerá o pase automático do colexiado á condición de non exercente.
- c) Supoñerá a súa necesaria xubilación.
- d) Non producirá consecuencias para os efectos da colexiación.

42 – Sinala, en relación cos conflitos de competencia, cal das seguintes manifestacións é correcta:

- a) A orde xurisdicional civil é sempre preferente. Ningún xuíz ou tribunal poderá formular conflito de competencia aos órganos da dita orde xurisdicional.
- b) Os conflitos de competencia positivos só poderán ser formulados polo Ministerio Fiscal.
- c) A orde xurisdicional penal é sempre preferente. Ningún xuíz ou tribunal poderá formular conflito de competencia aos órganos da dita orde xurisdicional.
- d) Os conflitos de competencia só poden ser negativos. Non existen os conflitos de competencia positivos.

43 – As cuestións de competencia entre xulgados e tribunais dunha mesma orde xurisdicional serán resoltas:

- a) Polo Tribunal Constitucional.
- b) Polo órgano inmediato inferior común.
- c) Polo órgano inmediato superior común.
- d) Polo Ministerio da Presidencia, Xustiza e Relacións coas Cortes.

44 – Cando xurda un conflito de intereses entre dous clientes, o profesional da avogacía:

- a) Deberá elixir para que cliente actuar.
- b) Poderá continuar actuando para ambos, sen prexuízo da necesidade de tomar as precaucións precisas.
- c) Deberá deixar de actuar para ambos, salvo autorización expresa por escrito dos dous para intervir en defensa dun deles.

d) Deberá deixar de actuar para ambos, salvo petición expresa por escrito dun dos clientes solicitando continuar na súa defensa.

45 – Un cliente solicita a prestación de servizos a un profesional da avogacía en relación cun asunto concreto. Non obstante, unha vez terminada a entrevista, o profesional da avogacía advirte que posúe coñecemento por razón doutros asuntos dun antigo cliente que puidesen favorecer este novo cliente en prexuízo do antigo. Que debe facer?

a) **Absterse de actuar para o novo cliente.**

b) Poñer en coñecemento do novo cliente a existencia destes coñecementos, para os efectos de influír na súa decisión de elección de asistencia letrada.

c) Pode continuar a asistencia letrada ao novo cliente, pois a información só sería relevante se puidese afectar a un cliente actual, non a un antigo cliente.

d) Debe poñer en coñecemento do colexio de avogados a información de que dispoña e continuar coa asistencia letrada ao novo cliente.

46 – Íñigo colexiouse como exercente en maio de 2023. En xuño de 2024 decide publicitar os seus servizos como profesional da avogacía, para así captar clientes, utilizando nos anuncios para publicar o slogan “garanto ao 100% unha resolución xudicial favorable aos intereses do meu cliente”. Pode realizar tal publicidade?

a) Si, sempre que cumpra coa promesa de obter tal resultado.

b) Si, con independencia do resultado que obteña, pois está facultado para publicitar como mellor lle conveña os servizos que presta.

c) Non, pois será necesario que leve colexiado cinco anos para realizar publicidade dos seus servizos.

d) **Non, pois a publicidade non poderá supoñer a promesa de obter resultados que non dependan exclusivamente da actividade do profesional da avogacía.**

47 – A potestade disciplinaria sobre os profesionais da avogacía será exercida:

a) Polo xuíz de instrución do lugar onde se cometeu a infracción.

b) **Polos colexios da avogacía en cuxo ámbito territorial se cometeu a infracción, conforme as previsións dos seus propios estatutos.**

c) Por todos os colexios da avogacía, actuando de maneira conxunta en cada expediente disciplinario.

d) Polo Consello Xeral da Avogacía Española, aínda cando o infractor non sexa membro de tal Consello nin das Xuntas de Goberno dos Colexios e dos Consellos Autonómicos.

48 – Gabriela, profesional da avogacía, cambia de domicilio profesional. Esquécese de comunicar tal cambio ao colexio, ten relevancia esta falta de comunicación?

a) Non, pois unicamente cómpre comunicar ao colexio o cambio de domicilio persoal.

b) Non, pois non existe ningunha obriga de comunicación ao colexio das circunstancias relativas ao domicilio.

c) **Si, a non comunicación do cambio de domicilio profesional ao colexio constitúe unha infracción leve.**

d) Si, a non comunicación do cambio de domicilio profesional ao colexio constitúe unha infracción moi grave.

49 – A que orde xurisdiccional corresponde coñecer, ademais das materias que lle son propias, de todas aquelas que non estean atribuídas a outra orde xurisdiccional?

a) **Orde xurisdiccional civil.**

- b) Orde xurisdicional contencioso-administrativa.
- c) Orde xurisdicional social.
- d) Orde xurisdicional penal.

50 – Sinale cal dos seguintes principios e valores se constitúe como principio reitor e valor superior do exercicio da avogacía:

- a) **Integridade.**
- b) Pluralismo político.
- c) Xustiza.
- d) Igualdade.

Preguntas de reserva

1 – A colexiación como exercente habilita para exercer:

- a) Unicamente no ámbito territorial do colexio.
- b) En todo o mundo.
- c) **En todo o territorio do Estado.**
- d) Unicamente no ámbito da Comunidade Autónoma do lugar onde teña a súa sede o colexio.

2 – A rehabilitación do profesional da avogacía expulsado esixirá:

- a) **O transcurso dun prazo de cinco anos desde que a sanción de expulsión fose executada e a acreditación de superar as actividades formativas que en materia de deontoloxía profesional estableza cada colexio con carácter xeral, así como non incorrer en causa de indignidade ou desprezo dos valores e obrigas profesionais e deontolóxicas.**
- b) Unicamente o transcurso dun prazo de cinco anos, transcorrido o cal se producirá automaticamente a rehabilitación.
- c) Non é posible a rehabilitación do profesional da avogacía expulsado.
- d) Non é posible a expulsión dun profesional da avogacía.

3 – O deber de segredo profesional do profesional da avogacía:

- a) Extínguese automaticamente ao cesar a prestación dos servizos ao cliente.
- b) **Permanece mesmo despois de cesar na prestación dos servizos ao cliente, sen que se atope limitado no tempo.**
- c) Permanece mesmo despois de cesar na prestación dos servizos ao cliente, por un período dun ano desde o cesamento dos servizos.
- d) Extínguese cando transcorran dous anos desde o cesamento da prestación dos servizos ao cliente.

4 – Un cliente que foi demandado expón ao profesional da avogacía que o asiste a posibilidade de achantar coa demanda antes de evacuar o trámite de contestación. Consúltalle se, en tal caso, se lle impoñerán as custas. Sinale a resposta correcta:

- a) **Non procederá a imposición de custas salvo que o tribunal, razoándoo debidamente, aprecie mala fe no demandado.**
- b) Impoñeranse as custas en todo caso ao demandado, ao ter sido xa iniciado o proceso.

- c) Non se impoñerán as custas ao producirse o achantamento antes de contestar a demanda, sen que o tribunal poida impoñelas en ningún caso.
- d) As custas impoñeranse á parte demandante necesariamente, ao achantarse o demandado.

5 – Vostede presentou solicitude de aclaración fronte a unha sentenza. Que ocorre co prazo do recurso contra a sentenza fronte á que solicitou a aclaración?

- a) Interrómpese desde que se solicite a súa aclaración, comezando a computarse desde o día seguinte á notificación do auto ou decreto que recoñecese ou negase a omisión do pronunciamento e acordase ou denegase remediala.
- b) Non se interrompe e segue correndo a pesar da solicitude de aclaración.
- c) Interrómpese desde que se solicite a súa aclaración, comezando a computarse desde que transcorran cinco días desde que se formula a solicitude.
- d) Non é posible solicitar a aclaración dunha sentenza fronte á que cabe recurso, a discrepancia deberá facerse valer por medio do recurso que proceda.

6 – Sinala que precepto constitucional consagra o dereito á tutela xudicial efectiva:

- a) Ningún. O dereito á tutela xudicial efectiva é un dereito de configuración legal que non aparece recollido na Constitución española.
- b) O artigo 14 da Constitución española.
- c) O artigo 24 da Constitución española.
- d) O artigo 155 da Constitución española.

B. MATERIAS ESPECÍFICAS

ESPECIALIDADE XURÍDICA EN CIVIL- MERCANTIL

1 – Elisa, avogada de Manuel, para evitar a preclusión dun prazo procesual, presenta un escrito dun xuízo verbal ante o xulgado de garda do partido xudicial que está a coñecer do procedemento ás 14:59 h. Sería válida a presentación realizada por Elisa?

- a) Si, porque a presentación de escritos e documentos, calquera que sexa a forma, se estiver suxeita a prazo, procesual ou substantivo, pódese efectuar ante o xulgado de garda ata as quince horas do día hábil seguinte ao do vencemento do prazo.
- b) Si, porque a presentación de escritos e documentos, calquera que sexa a forma, se estiver suxeita a prazo, procesual ou substantivo, pódese efectuar ante o xulgado de garda ata as dez horas do día hábil seguinte ao do vencemento do prazo.
- c) Si, porque a presentación de escritos e documentos, calquera que sexa a forma, se estiver suxeita a prazo, procesual ou substantivo, pódese efectuar ante o xulgado de garda ata as oito horas do día hábil seguinte ao do vencemento do prazo.
- d) Non, porque nas actuacións ante os tribunais civís, non se admitirá a presentación de escritos no xulgado que preste o servizo de garda.

2 – O Xulgado de Primeira Instancia nº 5 de Xirona está a coñecer dun proceso de exequátur para o recoñecemento dunha resolución xudicial ditada por un órgano xudicial de Estados Unidos. Que ocorrerá se se admite a trámite a demanda de exequátur?

- a) O letrado da Administración de Xustiza ditará un decreto polo que a admita, e dará traslado dela á parte demandada para que se opoña no prazo de dez días.
- b) O letrado da Administración de Xustiza ditará un decreto polo que a admita, e dará traslado dela á parte demandada para que se opoña no prazo de vinte días.
- c) O letrado da Administración de Xustiza ditará decreto polo que a admita, e dará traslado dela á parte demandada para que se opoña no prazo de trinta días.
- d) O letrado da Administración de Xustiza ditará decreto polo que a admita, e dará traslado dela á parte demandada para que se opoña no prazo dun mes.

3 – Elena outorgou apoderamento *apud acta* en favor da súa procuradora, Itziar, mediante comparecencia persoal ante a letrada da Administración de Xustiza. É obrigatoria a inscrición deste apoderamento?

- a) Non, a inscrición do apoderamento outorgado non é obrigatoria.
- b) Si, procederase á inscrición no Rexistro Electrónico de Apoderamentos Xudiciais, dependente do Ministerio da Presidencia, Xustiza e Relacións coas Cortes.
- c) Si, procederase á inscrición no Rexistro Mercantil, dependente do Ministerio da Presidencia, Xustiza e Relacións coas Cortes.
- d) Si, procederase á inscrición no Rexistro Civil, dependente do Ministerio da Presidencia, Xustiza e Relacións coas Cortes.

4 – Flora quere participar como ofertante nunha poxa electrónica xudicial dun ben inmovible. Que cantidade deberá consignar para poder participar na poxa?

- a) Para tomar parte na poxa deberá, previamente, consignar unha cantidade equivalente ao 5 por cento do valor que se deu ao ben obxecto de poxa.

- b) Para tomar parte na poxa deberá, previamente, consignar unha cantidade equivalente ao 3 por cento do valor que se deu ao ben obxecto de poxa.
- c) Para tomar parte na poxa deberá, previamente, consignar unha cantidade equivalente ao 10 por cento do valor que se deu ao ben obxecto de poxa.
- d) Para tomar parte na poxa deberá, previamente, consignar unha cantidade equivalente ao 20 por cento do valor que se deu ao ben obxecto de poxa.

5 – Felisa outorgou un contrato de mandato en favor de Borja, para a adquisición dun ben moble. Borja, excedendo os termos do mandato conferido, adquire o ben nunhas condicións máis vantaxosas das conferidas por Felisa. Sería válido o acto realizado por Borja?

- a) Non, ao superarse os límites do mandato, este sería nulo de pleno dereito, en todo caso.
- b) Non, xa que era necesaria escritura pública outorgada ante notario ou rexistrador mercantil autorizando aquilo que excedía do mandato.
- c) Non, e debe acudir ante os órganos xudiciais para autorizar aquilo que excedía do mandato.
- d) Si, xa que non se consideran traspasados os límites do mandato se fose cumprido dunha maneira máis vantaxosa para o mandante que a sinalada por este.

6 – Anselmo quere constituír un dereito de peñor sobre un dos seus bens para garantir a débeda que ten con Josefina por valor de 7.500 €. Cal destes bens poderá ser obxecto de peñor?

- a) O apartamento que Anselmo ten en Benidorm.
- b) O coche novo que Anselmo acaba de comprar.
- c) O gato persa que vive con Anselmo.
- d) O usufruto que ten Anselmo sobre a vivenda propiedade da súa nai.

7 – O Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº 1 de Almendralejo acordou a proba testemuñal de Gerardo, quen reside na Coruña, nun xuízo ordinario. Poderá facerse a declaración testemuñal mediante videoconferencia?

- a) A declaración realizarase preferentemente mediante presenza telemática, sempre que as oficinas xudiciais teñan á súa disposición os medios técnicos necesarios para iso.
- b) A declaración realizarase preferentemente de forma presencial, e unicamente e en situacións excepciónais, mediante presenza telemática, sempre que as oficinas xudiciais teñan á súa disposición os medios técnicos necesarios para iso.
- c) A declaración realizarase obrigatoriamente de forma presencial, e unicamente e en situacións excepciónais, mediante presenza telemática, sempre que as oficinas xudiciais teñan á súa disposición os medios técnicos necesarios para iso.
- d) A declaración testemuñal non poderá realizarse, baixo ningún concepto, mediante videoconferencia.

8 – María José, avogada de Judith, quere interpoñer unha demanda de nulidade matrimonial contra José Carlos, o cal está a ser investigado por un delito de violencia de xénero. Ante que órgano xudicial deberá interpoñer a demanda?

- a) Ante o xulgado de primeira instancia
- b) Ante o xulgado de violencia sobre a muller
- c) Ante o xulgado de instrución
- d) Ante o xulgado de menores

9 – Charo, que se atopa en situación de perigo de morte, quere contraer matrimonio con Pamela. Cómpre algún requisito para contraer matrimonio neste caso de perigo de morte?

- a) O matrimonio en perigo de morte requirirá para a súa celebración a tramitación previa da acta ou expediente matrimonial, e a presenza, na súa celebración, de dúas testemuñas maiores de idade.
- b) O matrimonio en perigo de morte non requirirá para a súa celebración a tramitación previa da acta ou expediente matrimonial, pero si a presenza, na súa celebración, de tres testemuñas maiores de idade.
- c) O matrimonio en perigo de morte requirirá para a súa celebración a tramitación previa da acta ou expediente matrimonial, e a presenza, na súa celebración, de tres testemuñas maiores de idade.
- d) O matrimonio en perigo de morte non requirirá para a súa celebración a tramitación previa da acta ou expediente matrimonial, pero si a presenza, na súa celebración, de dúas testemuñas maiores de idade.

10 – Johann, cidadán alemán que reside en Düsseldorf (Alemaña), interpuxo un procedemento monitorio europeo contra Nerea ante o Xulgado de Primeira Instancia de Pamplona. Que resolución ditará a letrada da Administración de Xustiza para admitir a trámite a petición inicial do monitorio europeo?

- a) Decreto.
- b) Dilixencia de ordenación.
- c) Dilixencia de constancia.
- d) Providencia.

11 – Gemma é a administradora dunha empresa dedicada á comercialización de produtos para a construción. Esta empresa realizou actos que supuxeron a limitación da produción, a distribución e o desenvolvemento técnico en prexuízo inxustificado das empresas ou dos consumidores. É válida a actuación realizada por esta empresa?

- a) Non, ao supoñer un abuso de posición dominante.
- b) Non, ao supoñer unha práctica que atenta contra os principios da propiedade intelectual.
- c) Non, ao menoscabar os principios xerais da cláusula *rebus sic stantibus*.
- d) Si, ao non ser contraria ao ordenamento xurídico español.

12 – Esperanza, avogada de Guillermo, desexa solicitar que a declaración testemuñal de Almudena se realice por videoconferencia. Existe algún prazo para solicitalo?

- a) O uso de medios de videoconferencia deberá solicitarse coa antelación suficiente e, en todo caso, tres días antes do sinalado para a actuación correspondente.
- b) O uso de medios de videoconferencia deberá solicitarse coa antelación suficiente e, en todo caso, cinco días antes do sinalado para a actuación correspondente.
- c) O uso de medios de videoconferencia deberá solicitarse coa antelación suficiente e, en todo caso, dez días antes do sinalado para a actuación correspondente.
- d) O uso de medios de videoconferencia deberá solicitarse coa antelación suficiente e, en todo caso, vinte días antes do sinalado para a actuación correspondente.

13 – Elaia, avogada de Julen, quere solicitar a acumulación dos procesos civís que o seu cliente ten contra Eneko. Ante que órgano xudicial deberá solicitar a acumulación?

- a) Solicitarase sempre ao tribunal que coñeza do proceso máis antigo, ao que se acumularán os máis modernos.
- b) Solicitarase sempre ao tribunal que coñeza do proceso máis moderno, ao que se acumularán os máis antigos.
- c) Solicitarase sempre ao tribunal que coñeza do proceso cuxo titular fose máis antigo no escala da Carreira Xudicial.
- d) Solicitarase sempre ao tribunal que coñeza do proceso de menor contía, ao que se acumularán os de maior contía.

14 – Rita, maxistrada do Xulgado de Primeira Instancia de León, quere ditar sentenza oral nun procedemento ordinario. De que prazo dispón para ditar a sentenza oral?

- a) Cinco días desde a celebración do xuízo ou vista.
- b) Dez días desde a celebración do xuízo ou vista.
- c) Vinte días desde a celebración do xuízo ou vista.
- d) En ningún caso se ditarán oralmente sentenzas en procesos civís.

15 – Alejandro é dono dun inmovible que alugou a Jéssica para que o utilice como vivenda. Tras levar uns meses sen pagar Jéssica, Alejandro interpón unha demanda de desafiuzamento, tras a cal, efectuado o requirimento de pago a Jéssica, esta paga as cantidades debidas. Que resolución poñerá fin ao procedemento?

- a) Terminará mediante decreto ditado para o efecto polo letrado da Administración de Xustiza.
- b) Terminará mediante providencia ditado para o efecto polo xuíz ou maxistrado.
- c) Terminará mediante dilixencia de ordenación ditada para o efecto polo letrado da Administración de Xustiza.
- d) Terminará mediante auto ditado para o efecto polo xuíz ou maxistrado.

16 – Fermín, encargado do Rexistro Civil de Puertollano, ten fundadas dúbidas sobre a legalidade dos documentos presentados por Peter ao solicitar a adquisición da nacionalidade española por residencia. Pode facer algo Fermín?

- a) Si, cando o encargado da Oficina do Rexistro Civil tiver fundadas dúbidas sobre a legalidade dos documentos, sobre a veracidade dos feitos ou sobre a exactitude das declaracións, realizará antes de facer a inscrición, e no prazo de dez días, as comprobacións oportunas.
- b) Si, cando o encargado da Oficina do Rexistro Civil tiver fundadas dúbidas sobre a legalidade dos documentos, sobre a veracidade dos feitos ou sobre a exactitude das declaracións, realizará antes de facer a inscrición, e no prazo de vinte días, as comprobacións oportunas.
- c) Si, cando o encargado da Oficina do Rexistro Civil tiver fundadas dúbidas sobre a legalidade dos documentos, sobre a veracidade dos feitos ou sobre a exactitude das declaracións, realizará antes de facer a inscrición, e no prazo de trinta días, as comprobacións oportunas.
- d) Si, cando o encargado da Oficina do Rexistro Civil tiver fundadas dúbidas sobre a legalidade dos documentos, sobre a veracidade dos feitos ou sobre a exactitude das declaracións, realizará antes de facer a inscrición, e no prazo dun mes, as comprobacións oportunas.

17 – Xuan acode ao despacho de avogados de Zeltia para coñecer o prazo dos dereitos de explotación, en materia de propiedade intelectual, das obras anónimas ou pseudónimas. Que resposta lle dará Zeltia?

- a) Os dereitos de explotación das obras anónimas ou pseudónimas durarán vinte e cinco anos desde a súa divulgación lícita.
- b) Os dereitos de explotación das obras anónimas ou pseudónimas durarán trinta anos desde a súa divulgación lícita.
- c) Os dereitos de explotación das obras anónimas ou pseudónimas durarán cincuenta anos desde a súa divulgación lícita.
- d) Os dereitos de explotación das obras anónimas ou pseudónimas durarán setenta anos desde a súa divulgación lícita.

18 – Alejo ten a posesión dun tenreiro, aínda que Carmina considera que ela é a lexítima propietaria deste. Que acción civil pode exercer Carmina para conseguir a restitución do tenreiro se considerase que Alejo o posúe indebidamente e sen dereito ningún?

- a) A acción reivindicatoria.
- b) A acción inhibitoria.
- c) A acción declaratoria de lexítima.
- d) A acción *in bonum et aequum conceptae*.

19 – A maxistrada do Xulgado de Primeira Instancia nº 5 de Cádiz ditou, nun procedemento ordinario, un auto polo que se abstén de coñecer por falta de competencia, por pertencer o asunto a un tribunal doutra orde xurisdiccional. Que recurso caberá interpoñer contra esta resolución?

- a) Recurso de reposición.
- b) Recurso de apelación.
- c) Recurso de casación.
- d) Contra esta resolución non cabe ningún recurso.

20 – Fidel, avogado de Sofía, quere alegar a existencia de dereito estranxeiro nun procedemento de familia. Que terá que probar Fidel?

- a) O dereito estranxeiro deberá ser probado no que respecta unicamente ao seu contido, pero non á súa vixencia, podendo valerse o tribunal de cantos medios de investigación estime necesarios para a súa aplicación.
- b) O dereito estranxeiro deberá ser probado no que respecta unicamente á súa vixencia, pero non ao seu contido, podendo valerse o tribunal de cantos medios de investigación estime necesarios para a súa aplicación.
- c) O dereito estranxeiro deberá ser probado no que respecta ao seu contido e vixencia, podendo valerse o tribunal de cantos medios de investigación estime necesarios para a súa aplicación.
- d) O dereito estranxeiro non deberá ser probado en ningún caso.

21 – Amaia quere realizar a inscrición da empresa da que é administradora única no Rexistro Mercantil. Que sistema se utilizará para a levanza do Rexistro?

- a) O Rexistro Mercantil levarase polo sistema de adquisición formal contable.
- b) O Rexistro Mercantil levarase polo sistema de preferencia temporal do depósito de contas.
- c) O Rexistro Mercantil levarase polo sistema de inscrición sucesiva universal do nomeamento do administrador.

d) O Rexistro Mercantil levarase polo sistema de folla persoal.

22 – Juan atópase en situación de insolvencia, ao deber unha importante cantidade de diñeiro aos seus acredores, Ignacio, Stella e Jesús. Quen estará lexitimado para solicitar a declaración de concurso?

a) Como regra xeral, para solicitar a declaración de concurso están lexitimados o debedor e calquera dos seus acredores.

b) Como regra xeral, para solicitar a declaración de concurso está unicamente lexitimado o debedor.

c) Como regra xeral, para solicitar a declaración de concurso están unicamente lexitimados os acredores.

d) Como regra xeral, para solicitar a declaración de concurso están lexitimadas todas as persoas, físicas ou xurídicas, teñan ou non interese lexítimo na solicitude.

23 – Faustino acode ao despacho profesional de Angelines para que o asesore xuridicamente, xa que quere facer a doazón do predio familiar en favor da súa irmá Agustina. Existe algún requisito legal neste caso?

a) Para que sexa válida a doazón de cousa inmovible, ten que facerse en escritura pública, expresándose nela individualmente os bens doados e o valor das cargas que deba satisfacer o donatario.

b) Para que sexa válida a doazón de cousa inmovible, ten que facerse en documento privado, expresándose nela individualmente os bens doados e o valor das cargas que deba satisfacer o donatario.

c) Para que sexa válida a doazón de cousa inmovible, ten que facerse ante o xulgado de paz do lugar onde radique o predio, expresándose ante o xuíz de paz os bens doados e o valor das cargas que deba satisfacer o donatario.

d) O noso ordenamento xurídico non establece ningún requisito legal para facer a doazón de bens inmovibles.

Preguntas sobre dereitos civís forais

24 – Beatriu, nacida en Huesca, residente en Vitoria-Gasteiz, e de veciñanza civil catalá, adoptou a Qiang, menor de idade. Que veciñanza civil adquirirá Qiang como consecuencia da adopción?

a) Veciñanza civil do País Vasco.

b) Veciñanza civil aragonesa.

c) Veciñanza civil catalá.

d) Ao non ter veciñanza civil, o adoptado adquirirá a veciñanza civil común.

25 - Escolla a pregunta en función do dereito foral elixido:

A - Dereito civil común:

25 - Amanda e Rosa, ambas de veciñanza civil común, van contraer matrimonio. Cal será o réxime económico matrimonial que lles será aplicable conforme á súa veciñanza civil?

a) Á falta de capitulacións ou cando estas sexan ineficaces, o réxime será o que por sorteo se determinou entre as cónxuxes.

b) Á falta de capitulacións ou cando estas sexan ineficaces, o réxime será o do réxime de participación.

c) Á falta de capitulacións ou cando estas sexan ineficaces, o réxime será o da separación de bens.

d) Á falta de capitulacións ou cando estas sexan ineficaces, o réxime será o da sociedade de lucrativas.

B - Dereito civil Aragón:

25 - Chaime e Guiral, ambos de veciñanza civil de Aragón, van contraer matrimonio. Cal será o réxime económico matrimonial que lles será aplicable conforme á súa veciñanza civil?

- a) En defecto de pactos en capitulacións sobre o réxime económico do matrimonio, o matrimonio quedará suxeito ao réxime do dereito civil común.
- b) En defecto de pactos en capitulacións sobre o réxime económico do matrimonio ou para completalos en tanto o permita a súa respectiva natureza, rexerán as normas do réxime de participación.
- c) En defecto de pactos en capitulacións sobre o réxime económico do matrimonio ou para completalos en tanto o permita a súa respectiva natureza, rexerán as normas de separación de bens.
- d) En defecto de pactos en capitulacións sobre o réxime económico do matrimonio ou para completalos en tanto o permita a súa respectiva natureza, rexerán as normas do consorcio conxugal.

C - Dereito civil Baleares:

25 – Apolonia e Anna, ambas de veciñanza civil das Illas Baleares, van contraer matrimonio. Cal será o réxime económico matrimonial que lles será aplicable conforme á súa veciñanza civil?

- a) En defecto de «espòlits», o matrimonio quedará suxeito ao réxime do dereito civil común.
- b) En defecto de «espòlits», o matrimonio quedará suxeito ao réxime de participación, que recoñece a cada cónxuxe o dominio, o goce, a administración e a disposición dos bens propios, participando nas ganancias da súa consorte.
- c) En defecto de «espòlits», o matrimonio quedará suxeito ao réxime de separación de bens, que recoñece a cada cónxuxe o dominio, o goce, a administración e a disposición dos bens propios.
- d) En defecto de «espòlits», o matrimonio quedará suxeito ao réxime de lucrativos, que recoñece a ambas as cónxuxes o dominio, o goce, a administración e a disposición dos bens comúns.

D - Dereito civil Cataluña:

25 - Gala e Aina, ambas de veciñanza civil de Cataluña, van contraer matrimonio. Cal será o réxime económico matrimonial que lles será aplicable conforme á súa veciñanza civil?

- a) Se non existe pacto ou se os capítulos matrimoniais son ineficaces, o matrimonio quedará suxeito ao réxime do dereito civil común.
- b) Se non existe pacto ou se os capítulos matrimoniais son ineficaces, o réxime económico é o de participación.
- c) Se non existe pacto ou se os capítulos matrimoniais son ineficaces, o réxime económico é o de lucrativos.
- d) Se non existe pacto ou se os capítulos matrimoniais son ineficaces, o réxime económico é o de separación de bens.

E - Dereito civil Galicia:

25 - Brais e Nuno, ambos de veciñanza civil de Galicia, van contraer matrimonio. Cal será o réxime económico matrimonial que lles será aplicable conforme á súa veciñanza civil?

- a) O réxime económico matrimonial será o convido polos cónxuxes en capitulacións matrimoniais. En defecto de convenio ou ineficacia deste, o matrimonio quedará suxeito ao réxime do dereito civil común.
- b) O réxime económico matrimonial será o convido polos cónxuxes en capitulacións matrimoniais. En defecto de convenio ou ineficacia deste, o réxime será o de participación.
- c) O réxime económico matrimonial será o convido polos cónxuxes en capitulacións matrimoniais. En defecto de convenio ou ineficacia deste, o réxime será o de separación de bens.
- d) O réxime económico matrimonial será o convido polos cónxuxes en capitulacións matrimoniais. En defecto de convenio ou ineficacia deste, o réxime será a sociedade de lucrativas.

F - Dereito civil País Vasco (Bizkaia):

25 – Adartza e Iluntze, ambas de veciñanza civil do País Vasco, van contraer matrimonio. Cal será o réxime económico matrimonial que lles será aplicable conforme á súa veciñanza civil?

- a) A falta de capitulacións ou cando resulten insuficientes ou nulas, o matrimonio rexerase polas normas establecidas na lexislación do País Vasco.
- b) A falta de capitulacións ou cando resulten insuficientes ou nulas, o matrimonio rexerase polas normas do réxime de participación establecidas no Código civil.
- c) A falta de capitulacións ou cando resulten insuficientes ou nulas, o matrimonio rexerase polas normas da separación de bens establecidas no Código civil.
- d) A falta de capitulacións ou cando resulten insuficientes ou nulas, o matrimonio rexerase polas normas da sociedade de lucrativas establecidas no Código civil.

G - Dereito civil Navarra:

25 - Javier e Mikel, ambos de veciñanza civil de Navarra, van contraer matrimonio. Cal será o réxime económico matrimonial que lles será aplicable conforme á súa veciñanza civil?

- a) Se os cónxuxes non pactasen en capitulacións matrimoniais o réxime económico do seu matrimonio, o matrimonio quedará suxeito ao réxime do dereito civil común.
- b) Se os cónxuxes non pactasen en capitulacións matrimoniais o réxime económico do seu matrimonio, observarase o de participación, que se rexerá polas disposicións da Compilación no que non fose especialmente acordado entre eles.
- c) Se os cónxuxes non pactasen en capitulacións matrimoniais o réxime económico do seu matrimonio, observarase o de separación de bens, que se rexerá polas disposicións da Compilación no que non fose especialmente acordado entre eles.
- d) Se os cónxuxes non pactasen en capitulacións matrimoniais o réxime económico do seu matrimonio, observarase o de conquistas, que se rexerá polas disposicións da Compilación no que non fose especialmente acordado entre eles.

Preguntas de reserva

1 – Francisco, executado nun procedemento xudicial, considera que o xulgado embargou indebidamente un ben, ao ser este inembargable.

- a) O executado poderá denunciar esta nulidade ante o tribunal mediante os recursos ordinarios ou por simple comparecencia ante o letrado da Administración de Xustiza se non constituíse parte na execución nin desexase facelo, resolvendo o tribunal sobre a nulidade denunciada.
- b) O executado poderá denunciar esta nulidade ante o tribunal unicamente mediante os recursos ordinarios, e o tribunal resolverá sobre a nulidade denunciada, logo de traslado ao avogado do Estado.
- c) O executado poderá denunciar esta nulidade ante a Fiscalía, e a dita Fiscalía resolverá sobre a nulidade denunciada.
- d) O executado poderá denunciar esta nulidade ante o tribunal unicamente mediante os recursos ordinarios, e o letrado da Administración de Xustiza resolverá sobre a nulidade denunciada.

2 – Ana ten 93 anos e vai ser parte nun procedemento civil. Poden realizarse as adaptacións e os axustes que sexan necesarios para garantir a súa participación en condicións de igualdade?

- a) Non, porque unicamente se realizarán estas adaptacións e axustes nos procesos nos que participen persoas con discapacidade.
- b) Si, porque se realizarán estas adaptacións e axustes nos procesos nos que participen persoas con discapacidade e persoas maiores que o soliciten ou, en todo caso, persoas cunha idade de oitenta anos ou máis.
- c) Si, porque unicamente se realizarán estas adaptacións e axustes a todas as persoas maiores de dezaioito anos.
- d) Non, porque legalmente non é posible realizar estas adaptacións e axustes a ningunha persoa que sexa parte no procedemento.

ESPECIALIDADE XURÍDICA EN PENAL

1 - Nos casos en que unha pena pola súa extensión poida considerarse como menos grave e como leve, como se considera o delito?

- a) En todo caso como delito leve.
- b) En todo caso como delito menos grave.
- c) Como delito menos grave ou leve dependendo das circunstancias do caso.
- d) En todo caso como delito grave.

2 – Se non concorren circunstancias agravantes nin atenuantes na comisión dun delito doloso, como é aplicada a pena polos xuíces e tribunais?

- a) Atendendo unicamente á maior ou menor gravidade dos feitos.
- b) Atendendo á maior ou menor gravidade dos feitos e aos prexuízos que ocasionou na vítima.
- c) Atendendo unicamente ás circunstancias persoais do delincente.
- d) Atendendo ás circunstancias persoais do delincente e á maior ou menor gravidade do feito.

3 - No suposto en que se impoña ao condenado unha pena privativa de liberdade e unha medida de seguridade da mesma natureza, cal das dúas se cumpre primeiro?

- a) A pena privativa de liberdade.
- b) A medida de seguridade privativa de liberdade, pero o seu cumprimento non se aboará para o cumprimento da pena privativa de liberdade.
- c) Cúmprense ambas á vez.
- d) A medida de seguridade privativa de liberdade e o seu cumprimento aboarase para o cumprimento da pena privativa de liberdade.

4 - A responsabilidade penal dunha persoa xurídica leva consigo a súa responsabilidade civil?

- a) Si, responden civilmente de forma subsidiaria as persoas físicas que fosen condenadas polos mesmos feitos.
- b) As persoas xurídicas non responden civilmente aínda que se declare a súa responsabilidade penal.
- c) Si, responden civilmente de forma solidaria coas persoas físicas que fosen condenadas polos mesmos feitos.
- d) Só responden civilmente se non se condenou ningunha persoa física polos mesmos feitos.

5 - Gonzalo, menor de idade, está a cumprir unha medida de liberdade vixiada, con obriga de asistencia a centro de día e sometemento a tratamento de control de tóxicos, de maneira cada vez máis insatisfactoria. De novo volveu a delinquir e desde o Equipo Psicosocial propónse, coa finalidade de conter o menor e no seu propio interese, a modificación da medida pola de internamento semiabierto. Unha vez celebrada a comparecencia, a xuíza de menores considera acertado o criterio do Equipo e acorda a substitución da medida e, en consecuencia, o internamento de Gonzalo nun Centro de Menores. Contra o auto que así o dispón, o letrado do menor poderá interpoñer:

- a) Recurso de alzada ante a audiencia provincial.
- b) Recurso de reforma ante o propio xulgado de menores.
- c) Recurso de reposición ante o propio xulgado de menores.
- d) Recurso de apelación ante o xulgado de instrución en funcións de garda o día en que se acorda o internamento.

6 – No caso de menores de idade, a medida cautelar de internamento en centro, que duración máxima pode ter?

- a) Dous anos.
- b) Seis meses e non pode prorrogarse en ningún caso.
- c) Tres meses prorrogables por outros tres meses.
- d) Seis meses prorrogables por outros tres meses.

7 – Isabel decátase de que o seu marido cometeu un feito delituoso, está obrigada a denunciálo?

- a) En ningún caso está obrigada a denunciálo.
- b) Non está obrigada a denunciálo, pero debe poñer os feitos en coñecemento do Ministerio Fiscal.
- c) Só pode denunciálo se informa previamente diso ao seu marido.
- d) Non está obrigada a denunciálo, salvo que o feito cometido polo seu marido sexa un delito contra a vida, un delito de homicidio, un delito de lesións dos artigos 149 e 150 do Código penal, un delito de malos tratos habituais previstos no artigo 173.2 do Código penal, un delito contra a liberdade ou contra

a liberdade e indemnidade sexual ou un delito de trata de seres humanos e a vítima do delito sexa unha persoa menor de idade ou unha persoa con discapacidade necesitada de especial protección.

8 - Cal destas autoridades xudiciais non é competente para a instrución de causas?

- a) O de xuíz de violencia sobre a muller.
- b) O xuíz de Instrución do partido en que o delito se cometese.
- c) O xuíz de menores.
- d) O xuíz central de instrución respecto dos delitos que a lei determine.

9 – María sofre a subtracción do seu bolso por parte dunha persoa que lle exhibe unha arma para conseguir a entrega. O irmán de María, Juan, é maxistrado, pode exercitar Juan a acción penal polo delito que sufriu María?

- a) Non, unicamente pode facelo María.
- b) Non, porque os xuíces e maxistrados non poden exercitar a acción penal.
- c) Só pode exercitala Juan, se María fose unha persoa con discapacidade.
- d) Si pode, porque se trata dun delito cometido contra a persoa e bens da súa irmá.

10 – As dilixencias practicadas durante o sumario son reservadas?

- a) Nunca.
- b) Só nos casos en que se declarou o segredo das actuacións, conforme o artigo 302 da Lei de axuizamento criminal.
- c) Si, e non teñen carácter público ata que se abra o xuízo oral.
- d) Só no caso en que as vítimas do delito investigado sexan menores de idade ou persoas con discapacidade.

11 – Que procedemento debe seguirse para a instrución e axuizamento, de ser o caso, dun delito de roubo con intimidación previsto no artigo 242.1 do Código penal?

- a) O procedemento para o axuizamento rápido de determinados delitos, pero non pode acollerse á conformidade prevista no artigo 801 LACRIM coa redución dun terzo da pena.
- b) O procedemento abreviado.
- c) O procedemento para o axuizamento rápido de determinados delitos, e pode acollerse á conformidade prevista no artigo 801 LACRIM coa redución dun terzo da pena.
- d) O sumario.

12 - Cal destes delitos é competencia do Tribunal do Xurado?

- a) Coaccións (artigo 172 do Código penal)
- b) Roubo de uso de vehículos (artigo 244.2 do Código penal)
- c) Delito contra a Facenda Pública (artigo 305 do Código penal)
- d) Ameazas (artigo 169.1º do Código penal)

13 – Gonzalo comete un delito menos grave de furto polo que é detido. Non ten antecedentes penais. Podería o xuíz acordar respecto deste a medida cautelar de prisión provisional?

- a) Si, sempre que llo solicite o Ministerio Fiscal ou, se é o caso, a acusación particular.
- b) Non, porque se trata dun delito sancionado con pena de prisión inferior a dous anos e o investigado non ten antecedentes penais.

- c) Si, aínda que non o solicite ningún.
- d) Non, porque se trata dun delito contra o patrimonio e só pode adoptarse esta medida no caso de delitos contra as persoas.

14 - Que forma adoptan as resolucións xudiciais que resolven sobre a situación persoal do investigado ou procesado?

- a) Providencia susceptible de recurso de apelación.
- b) Sentenza susceptible de recurso de apelación.
- c) Auto non recorrible.
- d) Auto susceptible de recurso de apelación, que gozará de tramitación preferente.

15 - Araceli, procesada por un delito de apropiación indebida, o mesmo día en que se vai celebrar o acto do xuízo oral ante o Xulgado do Penal nº 1 de Alcalá de Henares, facilítalle ao seu avogado un documento que pode resultar esencial para a súa defensa. Pode o seu avogado presentar este documento ao xulgado do penal o día do xuízo oral?

- a) Non pode xuntarse ás actuacións porque non foi achegado xunto co escrito de conclusións provisionais.
- b) Non pode xuntarse ás actuacións porque se tiña que propoñer e, se é o caso, admitir, con anterioridade aos 15 días previos á data de celebración do acto do xuízo.
- c) Pode propoñerse a instancia do seu avogado ao comezo do xuízo, como cuestión previa, expoñendo o que estime oportuno sobre o contido e finalidade da proba que se propón e o xuíz resolverá no mesmo acto o procedente sobre a cuestión suscitada.
- d) Pode propoñerse a instancia do seu avogado no acto do xuízo, como cuestión previa, e o xuíz terá a obriga de admitilo.

16 - Cal das seguintes respostas non é unha proba que se poida practicar no xuízo oral?

- a) O interrogatorio do acusado.
- b) O recoñecemento en rolda.
- c) A proba documental.
- d) A declaración das testemuñas.

17 – É admisible que declaren no xuízo oral as testemuñas por referencia?

- a) Non, soamente as testemuñas directas.
- b) Si, pero soamente se declararon previamente en fase de instrución.
- c) Si, pero deben precisar a orixe da noticia, designando co seu nome e apelido, ou cos datos con que fose coñecida, a persoa que lla comunicase.
- d) Si e non existe ningún requisito adicional respecto das testemuñas directas.

18 - Pode un tribunal variar a resolución que pronuncie despois de asinada?

- a) Si, pero unicamente se as partes presentan un escrito solicitando a variación.
- b) Si, pero unicamente de oficio.
- c) Non, pero si aclarar algún concepto escuro e rectificar calquera erro material que presenten.
- d) Nunca, nin sequera para aclarar conceptos escuros ou rectificar erros materiais.

19 - Que recursos poden interpoñerse contra as resolucións do xuíz de instrución?

- a) Os recursos de reposición e apelación.
- b) Os recursos de reforma, queixa e casación.
- c) As súas resolucións non son susceptibles de recurso.
- d) Os recursos de reforma, apelación e queixa.

20 – Manuel foi condenado por un delito de roubo con forza á pena dun ano de prisión e a indemnizar a vítima na cantidade de 1.000 euros polos efectos subtraídos. O penado ten un antecedente penal por un delito imprudente e comprometeuse ao pago da responsabilidade civil en 4 prazos mensuais de 250 euros cada un. Procede que o xuíz acorde a suspensión da pena dun ano de prisión que lle foi imposta?

- a) Non, porque o penado ten un antecedente penal.
- b) Non, porque o penado non satisfizo de forma completa a responsabilidade civil.
- c) Si, porque o penado non ten antecedentes penais por delitos dolosos e asumiu un compromiso de pago da responsabilidade civil.
- d) Non, porque non consta que a vítima manifestase a súa vontade conforme a suspensión da pena.

21 - Quen se considera reo habitual para os efectos da substitución das penas privativas de liberdade?

- a) Os que tivesen cometido tres ou máis delitos dos comprendidos nun mesmo capítulo, nun prazo non superior a cinco anos, e fosen condenados por iso.
- b) Os que tivesen cometido tres ou máis delitos dos comprendidos nun mesmo capítulo, nun prazo non superior a cinco anos, malia que aínda non fosen condenados por iso, sempre que estea incoada a causa.
- c) Os que tivesen cometido catro ou máis delitos dos comprendidos nun mesmo título, nun prazo non superior a cinco anos, e fosen condenados por iso.
- d) Aqueles aos que se lles aplicou na sentenza a agravante de reincidencia do artigo 22. 8ª do Código penal.

22 - Cal é a cota diaria mínima dunha pena de multa que pode impoñerse a unha persoa xurídica?

- a) 2 euros, igual que as persoas físicas.
- b) Ás persoas xurídicas só se lles poden impoñer multas proporcionais ao dano causado, ao valor do obxecto do delito ou ao beneficio reportado por este.
- c) 30 euros.
- d) 100 euros.

23 - No referente á responsabilidade penal das persoas xurídicas, cando se considera que é de pequenas dimensións e poden os seus órganos de administración encargarse directamente da supervisión do funcionamento e cumprimento do modelo de prevención previsto no artigo 31 bis do Código penal?

- a) Cando teñen menos de 5 traballadores.
- b) Cando teñen menos de 25 traballadores.
- c) Cando están autorizadas, segundo a lexislación aplicable, a presentar conta de perdas e ganancias abreviada.
- d) Cando o seu beneficio anual, despois de impostos, non é superior a 250.000 euros anuais.

24 - En que suposto non é competente o xulgado de violencia sobre a muller?

- a) Da instrución dos procesos para esixir responsabilidade penal polo delito de quebrantamento do artigo 468 do Código penal cando a persoa ofendida polo delito cuxa condena, medida cautelar ou medida de seguridade se quebrantase sexa ou fose a súa esposa, ou muller que estea ou estivese ligada ao autor por unha análoga relación de afectividade aínda sen convivencia.
- b) Da instrución dos procesos para esixir responsabilidade penal por calquera delito contra os dereitos e deberes familiares, cando a vítima sexa ou fose a súa esposa, ou muller que estea ou estivese ligada ao autor por unha análoga relación de afectividade aínda sen convivencia.
- c) Da instrución dos procesos para esixir responsabilidade penal polos delitos contra a intimidade cando a vítima sexa ou fose a súa esposa, ou muller que estea ou estivese ligada ao autor por unha análoga relación de afectividade aínda sen convivencia.
- d) Do coñecemento e resolución dos delitos contra a liberdade sexual cando a vítima sexa ou fose a súa esposa, ou muller que estea ou estivese ligada ao autor por unha análoga relación de afectividade aínda sen convivencia.

25 – Ante quen pode solicitarse a orde de protección?

- a) Só ante as Forzas e Corpos de Seguridade do Estado e ante a autoridade xudicial.
- b) Ante a autoridade xudicial, o Ministerio Fiscal, as Forzas e Corpos de Seguridade, as oficinas de atención á vítima e os servizos sociais ou institucións asistenciais dependentes das Administracións públicas.
- c) Só ante o Ministerio Fiscal e ante as Forzas e Corpos de Seguridade do Estado.
- d) Non pode solicitarse, só a pode acordar a autoridade xudicial de oficio.

Preguntas de reserva

1. Pablo foi condenado como autor responsable dun delito de lesións causadas con arma perigosa á pena de 4 anos e 2 meses de prisión. Unha vez se extinguiu a súa responsabilidade penal, por cumprimento da pena, ten dereito a obter do Ministerio da Presidencia, Xustiza e Relacións coas Cortes a cancelación dos seus antecedentes penais?

- a) De oficio ou a instancia de parte, cando transcorra, aínda que volva a delinquir, o prazo de 5 anos.
- b) Só de oficio e nunca a instancia de parte, cando transcorra sen volver a delinquir o prazo de 3 anos.
- c) De oficio ou a instancia de parte, cando transcorra sen volver a delinquir o prazo de 3 anos.
- d) De oficio ou a instancia de parte, cando transcorra sen volver a delinquir o prazo de 5 anos.

2. En que casos a orde de protección inclúe medidas de natureza civil?

- a) Cando entre o investigado e a vítima existan fillos menores ou persoas coa capacidade xudicialmente modificada.
- b) Cando o investigado e a vítima contraesen matrimonio, aínda que non teñan fillos comúns.
- c) Sempre que o pida a vítima, aínda que non teñan fillos en común.
- d) Cando a autoridade xudicial o estime oportuno, previo informe favorable do Ministerio Fiscal.

1 – Contra un acto administrativo presunto, susceptible de recurso de alzada, o interesado:

- a) Pode interpoñer recurso de alzada no prazo dun mes a partir do día seguinte a aquel en que se produzan os efectos do silencio. Transcorrido este prazo sen interpoñerse o recurso, o acto será firme.
- b) Non pode interpoñer recurso ningún mentres non se dite acto expreso.
- c) **Pode interpoñer recurso de alzada en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produzan os efectos do silencio administrativo.**
- d) Pode interpoñer recurso de alzada en calquera momento, mesmo antes de que se produzan os efectos do silencio administrativo.

2 – Cal é o prazo máximo en que a Administración debe notificar a resolución expresa nun procedemento administrativo iniciado a solicitude do interesado para o que a norma reguladora non fixa prazo máximo?

- a) **Tres meses.**
- b) Seis meses.
- c) Un ano.
- d) Non existe obriga para a Administración de notificar resolución expresa nos procedementos iniciados a solicitude do interesado.

3 – Que consecuencia produce o erro ou a ausencia na cualificación do recurso administrativo?

- a) Implica, necesariamente, a inadmisión do recurso.
- b) Supón que o recurso se teña por non interposto.
- c) Supón un obstáculo para a súa tramitación, que poderá ser emendado en vía xudicial.
- d) **Non será obstáculo para a súa tramitación, sempre que se deduza o seu verdadeiro carácter.**

4 – Que consecuencia produce a imposibilidade material de continuar o procedemento administrativo por causas sobrevidas?

- a) **Supoñerá a terminación do procedemento, debendo ditar resolución motivada.**
- b) Implicará necesariamente a obriga de indemnizar o interesado.
- c) Non será obstáculo para a continuación do procedemento.
- d) Supoñerá automaticamente a terminación do procedemento, sen necesidade de motivar a resolución que se dite.

5 – É posible substituír a indemnización procedente en materia de responsabilidade patrimonial por unha compensación en especie?

- a) Non, en ningún caso.
- b) Si, cando así o estime a Administración por convir ao interese público, aínda cando o interesado se opoña.
- c) Unicamente cando nos atopemos ante un suposto de responsabilidade concorrente entre Administracións Públicas.
- d) **Si, cando resulte máis axeitado para lograr a reparación debida e conveña ao interese público, sempre que exista acordo co interesado.**

6 – Nos casos en que proceda recoñecer dereito a indemnización por anulación dun acto en vía contencioso-administrativa, en que prazo prescribe o dereito para reclamar nun procedemento de responsabilidade patrimonial?

a) Ao ano de se notificar a sentenza definitiva.

b) O dereito para reclamar nun procedemento de responsabilidade patrimonial non prescribe nunca.

c) Ao mes desde que se produza o feito ou o acto que motive a indemnización ou se manifeste o seu efecto lesivo.

d) Aos dez anos desde que se iniciou o proceso contencioso-administrativo.

7 – Cando da comisión dunha infracción administrativa derive necesariamente a comisión doutra, que sanción se impondrá?

a) Impoñeranse as sancións correspondentes a ambas as infraccións, de maneira acumulada.

b) Impoñerase unicamente a sanción correspondente á infracción máis grave cometida.

c) Impoñerase unicamente a sanción correspondente á infracción máis leve cometida.

d) Poderá imponse a sanción correspondente á infracción máis grave ou á infracción máis leve cometida, atendendo ao suposto concreto.

8 – A competencia para coñecer en única instancia dos recursos que se deduzan en relación coa proposta de modificación dunha reunión prevista na Lei orgánica 9/1983, do 15 de xullo, reguladora do dereito de reunión, corresponde:

a) Ás salas do contencioso-administrativo dos tribunais superiores de xustiza.

b) Á sala do contencioso-administrativo do Tribunal Supremo.

c) A orde xurisdicional contencioso-administrativa non é competente para coñecer dos recursos que se deduzan en relación coa proposta de modificación dunha reunión prevista na Lei orgánica 9/1983, do 15 de xullo, reguladora do dereito de reunión.

d) Á sala do contencioso-administrativo da Audiencia Nacional.

9 – Sinale a cuestión cuxo coñecemento corresponde á orde xurisdicional contencioso-administrativa:

a) O recurso contencioso-disciplinario militar.

b) A responsabilidade patrimonial das Administracións públicas.

c) Os conflitos de atribucións entre órganos dunha mesma Administración.

d) Calquera cuestión expresamente atribuída á orde xurisdicional civil, sempre que estea relacionada coa actividade da Administración pública.

10 – As unións sen personalidade xurídica terán capacidade ante a orde xurisdicional contencioso-administrativa:

a) En todo caso.

b) En ningún caso.

c) Cando resulten afectadas, sen necesidade de ningún requisito adicional.

d) Cando a lei o declare así expresamente.

11 – Sinale a resposta correcta en relación coa práctica da proba no proceso contencioso-administrativo:

a) O xuíz poderá dispoñer a práctica de cantas probas estime pertinentes para a máis acertada decisión do asunto.

- b) Soamente se poderá pedir a apertura do período de probas por medio de outrosí no escrito de alegacións previas.
- c) Non é posible achegar ao proceso as probas practicadas fóra do prazo de trinta días, aínda cando o fosen por causas non imputables á parte que as propuxo.
- d) No escrito en que se pida a apertura do período de probas non é preciso sinalar os medios de proba que se propoñan.

12 – A medida cautelar adoptada nun procedemento contencioso-administrativo:

- a) Estará en vigor ata que recaia sentenza firme, sen que poida ser revogada en ningún caso.
- b) **Poderá ser revogada durante o curso do procedemento se cambiasen as circunstancias en virtude das cales se adoptou.**
- c) Poderá ser revogada en razón dos distintos avances que se vaian facendo durante o proceso respecto das cuestións de fondo que configuran o debate.
- d) Poderá ser revogada en razón da modificación dos criterios de valoración que o xuíz aplicou aos feitos ao decidir o incidente cautelar.

13 – As sentenzas ditadas en única instancia polos xulgados do contencioso-administrativo serán susceptibles de recurso de casación:

- a) En ningún caso.
- b) En todo caso.
- c) Sempre que a súa contía non exceda de 30.000 euros.
- d) **Unicamente cando conteñan doutrina que se repute gravemente danosa para os intereses xerais e sexan susceptibles de extensión de efectos.**

14 – Que recurso caberá interpoñer contra os autos ditados polos xulgados do contencioso-administrativo, nos procesos dos que coñezan en primeira instancia, que declaren a inadmisión do recurso contencioso-administrativo?

- a) Non caberá recurso ningún.
- b) Unicamente recurso de reposición.
- c) Recurso de casación en todo caso.
- d) **Apelación nun só efecto**

15 – Os actos e disposicións contrarios aos pronunciamentos das sentenzas, que se diten coa finalidade de eludir o seu cumprimento:

- a) **Serán nulos de pleno dereito.**
- b) Serán anulables.
- c) Serán plenamente válidos e eficaces.
- d) Poderán ser válidos ou anulables, atendendo as circunstancias do suposto concreto.

16 – Sinala a materia na que os efectos dunha sentenza firme que recoñecese unha situación xurídica individualizada a favor dunha persoa poderá estenderse a outras:

- a) **En materia de persoal ao servizo da Administración pública.**
- b) En materia de responsabilidade patrimonial.
- c) En materia de infraccións administrativas.
- d) En ningún caso, os efectos dunha sentenza poderán estenderse a outra persoa distinta.

17 – Pode a Administración ocupar temporalmente os terreos propiedade do particular?

- a) Si, en calquera caso, sen necesidade de xustificar a ocupación.
- b) Si, con obxecto de levar a cabo estudos ou practicar operacións facultativas de curta duración para recoller datos para a formación do proxecto ou para o trazado de planta dunha obra, entre outros supostos.
- c) Non, en ningún caso.
- d) Si, en calquera caso, sen necesidade de xustificar a ocupación, sempre que a ocupación non dure máis de dous anos.

18 – No ámbito dos contratos do sector público, os órganos de contratación poderán adxudicar contratos utilizando o procedemento negociado sen a publicación previa dun anuncio de licitación?

- a) Si, en todo caso, bastando que o órgano de contratación o estime favorable para os seus intereses.
- b) Non, en ningún caso, pois se esixe sempre a publicación previa dun anuncio de licitación.
- c) Si, entre outros supostos, cando as obras, as subministracións ou os servizos só poidan ser encomendados a un empresario determinado por non existir competencia por razóns técnicas.
- d) Única e exclusivamente cando se trate dun contrato de subministracións cuxo valor estimado non exceda de 100.000 euros.

19 – No ámbito dos contratos do sector público, son contratos de subministración:

- a) Os que teñen por obxecto a adquisición, o arrendamento financeiro, ou o arrendamento, con ou sen opción de compra, de produtos ou bens móbiles.
- b) Os que teñen por obxecto a execución dunha obra, illada ou conxuntamente coa redacción do proxecto.
- c) Os que teñen por obxecto prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade.
- d) Os que conteñen prestacións correspondentes a contratos de distinta clase.

20 – Sinale a consecuencia que, no ámbito da normativa de estranxeiría, se producirá cando unha persoa estranxeira sexa detida en territorio español e se constate que contra ela se ditou unha resolución de expulsión por un estado membro da Unión Europea:

- a) Procederase a executar inmediatamente a resolución.
- b) Será preciso, en todo caso, incoar novo expediente de expulsión.
- c) Non se poderá adoptar ningunha medida co fin de asegurar a execución da sanción de expulsión.
- d) A referida resolución non produce efecto ningún en territorio español.

21 –Un cliente maniféstalle a vostede, como profesional da avogacía, o seu interese en interpoñer recurso de anulación contra a resolución do Tribunal Económico-administrativo Rexional de Madrid pola que se rexeita integramente a reclamación económico-administrativa presentada. En que caso sería posible interpoñer contra ela recurso de anulación?

- a) Cando se alegue a existencia de incongruencia completa e manifesta da resolución.
- b) Cando se discrepe da valoración da proba oportunamente practicada en vía económico-administrativa.
- c) Cando se pretenda achegar novos documentos non achegados na reclamación económico-administrativa.
- d) Contra a resolución dunha reclamación económico-administrativa non cabe en ningún caso recurso de anulación.

22 – A condena á persoa estranxeira por unha conduta dolosa que constitúa no noso país delito sancionado con pena privativa de liberdade superior a un ano constitúe causa de expulsión?

- a) Si, constitúe causa de expulsión, logo de tramitación do correspondente expediente, salvo que os antecedentes penais fosen cancelados.
- b) Non, en ningún caso.
- c) Si, constitúe causa automática de expulsión, sen necesidade de tramitar expediente e aínda cando os antecedentes penais fosen cancelados.
- d) Si, supoñerá a imposición de sanción de expulsión, conxuntamente coa sanción de multa.

23 – Que órgano é competente para coñecer do recurso de alzada ordinario interposto contra unha resolución ditada en primeira instancia polo Tribunal económico-administrativo rexional de Madrid?

- a) O Tribunal económico-administrativo rexional de Madrid.
- b) O Tribunal económico-administrativo central.
- c) A Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- d) O Ministerio da Presidencia, Xustiza e Relacións coas Cortes.

24 – Sinale a resposta correcta en relación coa falta de competencia dun órgano da orde xurisdiccional contencioso-administrativa para coñecer dun asunto:

- a) Unicamente poderá ser apreciada a instancia da parte demandada.
- b) Declararase necesariamente en sentenza.
- c) Supoñerá que se declare a inadmisibilidade do recurso e o acto impugnado devirá firme.
- d) Declararase mediante auto e deberá efectuarse antes da sentenza.

25 – Interposto recurso de apelación contra unha sentenza ditada por un xulgado do contencioso-administrativo, a parte favorecida pola sentenza poderá instar a súa execución provisional?

- a) Non, a parte favorecida pola sentenza non poderá instar a súa execución provisional, debendo agardar á resolución do recurso.
- b) A parte favorecida pola sentenza unicamente poderá instar a súa execución provisional se é unha Administración pública.
- c) Si, a parte favorecida pola sentenza poderá instar a súa execución provisional.
- d) Contra unha sentenza ditada por un xulgado do contencioso-administrativo non caberá interpoñer, en ningún caso, recurso de apelación.

Preguntas de reserva

1 – O recurso contencioso-administrativo desestimarase en sentenza:

- a) Cando o acto impugnado se axuste a dereito.
- b) Cando o recurso tivese por obxecto un acto non susceptible de impugnación.
- c) Cando o órgano ante o que fose interposto non resulte competente para coñecer del.
- d) Cando o recurso fose interposto fóra de prazo.

2 – A solicitude de extensión de efectos no ámbito contencioso-administrativo deberá dirixirse:

- a) Ao órgano xurisdiccional competente que ditase a resolución da que se pretende estender os efectos.
- b) Ao Tribunal Supremo, calquera que fose o órgano que ditase a resolución da que se pretende estender os efectos.
- c) Ao tribunal superior en grao ao órgano que ditase a resolución da que se pretende estender os efectos.
- d) Ao Tribunal económico-administrativo rexional de Madrid.

ESPECIALIDADE XURÍDICA EN LABORAL

1 – Markel, que ten quince anos e vive cos seus pais, recibe unha oferta de traballo do ximnasio ao que acode a adestrar. Propóñenlle prestar servizos a tempo parcial como monitor as fins de semana. Pode Markel subscribir este contrato de traballo?

- a) Si. Markel pode subscribir o contrato de traballo en por si.
- b) Si. Ao ser maior de catorce anos pode asinar o contrato de traballo sempre que conte co consentimento dos seus pais.
- c) Non. Markel non pode asinar ningún contrato de traballo ao ser menor de dezaseis anos.
- d) Si. Markel poderá contratar a prestación dos seus servizos como monitor, aínda sendo menor de dezaseis anos, ao ser un contrato a tempo parcial.

2 – A carpintería XXX S.L. acode ao seu despacho porque quere contratar un aprendiz do oficio e desexa consultar se debe cumprir algunha esixencia formal. Indique a resposta correcta.

- a) Non. O contrato poderase celebrar por escrito ou de palabra.
- b) Si. Os contratos de aprendizaxe deben constar por escrito, en todo caso.
- c) Só debería constar por escrito se se celebra para prestar servizos a tempo completo.
- d) Só debería constar por escrito se a súa duración se prevé superior a catro semanas.

3 – Nos contratos de formación en alternancia pode a empresa impoñerlles aos traballadores a realización de traballos nocturnos?

- a) As persoas contratadas en virtude de contrato de formación en alternancia sométense nesta cuestión ao mesmo réxime que o resto dos traballadores do persoal, sexa cal for a natureza do seu contrato.
- b) As persoas contratadas con contrato de formación en alternancia non poderán realizar traballos nocturnos, nin traballo a quendas, salvo que pola natureza da actividade o plan formativo non poida desenvolverse noutros períodos.
- c) Se as necesidades da empresa o requiren por razóns organizativas ou produtivas pódesele esixir traballar en quenda de noite pero, en ningún caso traballar a quendas.
- d) Se o empregado en virtude dun contrato de formación presta o seu consentimento nada impide que traballe en horario nocturno.

4 – Ana María, empregada da mercantil HHH S.L. na súa sede de Sevilla, recibe comunicación de que no prazo de quince días deberá prestar os seus servizos no centro de traballo que a empresa ten en Huelva, como consecuencia da necesidade de cubrir as vacacións dos seus compañeiros durante un período de dous meses. Indique a resposta correcta.

- a) Considérase que houbo un traslado polo que a decisión debería ser notificada pola empresa cunha antelación mínima de trinta días á data da súa efectividade.
- b) Considérase que hai unha modificación substancial das condicións de traballo polo que pode pedir a extinción da relación laboral cunha indemnización equivalente á prevista para un despedimento improcedente.
- c) Considérase un desprazamento temporal polo que Ana María ten dereito a percibir os gastos de viaxe e as axudas de custo e poderá gozar dun permiso de catro días laborables no seu domicilio de orixe neste período.
- d) Considérase un desprazamento temporal polo que a empresa deberá pagar a Ana as axudas de custo e gastos de viaxe.

5 – A empresa YYY S.L. precisa contratar un novo empregado que substitúa temporalmente a Elisa, traballadora fixa que foi elixida deputada nas últimas eleccións xerais. Dadas as características do posto que vai ocupar, o xerente da empresa acode ao seu despacho preguntando se pode permanecer Elisa o tempo necesario para ensinar a quen se pretende contratar.

- a) A prestación de servizos do novo empregado poderá iniciarse antes de que se produza a ausencia da persoa substituída, coincidindo no desenvolvemento das funcións o tempo imprescindible para garantir o desempeño adecuado do posto e, como máximo, durante quince días.
- b) A prestación de servizos do novo empregado poderá iniciarse antes de que se produza a ausencia da persoa substituída, coincidindo no desenvolvemento das funcións o tempo imprescindible para garantir o desempeño adecuado do posto e, como máximo, durante vinte días.
- c) A prestación de servizos do novo empregado poderá iniciarse antes de que se produza a ausencia da persoa substituída, coincidindo no desenvolvemento das funcións o tempo imprescindible para garantir o desempeño adecuado do posto e, como máximo, durante trinta días.
- d) Non é posible a prestación simultánea de servizos por ambas as persoas.

6 – Meritxell presta servizos como persoal laboral para a Deputación Foral de Áraha e decide solicitar unha redución de xornada para conciliar a súa vida familiar e laboral. Cal será a orde xurisdiccional competente para coñecer da súa demanda?

- a) A competencia para coñecer desta demanda corresponderá á orde xurisdiccional social ao tratarse de persoal laboral ao servizo dunha Administración pública.
- b) A competencia para coñecer desta demanda corresponderá á orde xurisdiccional contencioso-administrativa xa que o empregador é unha Administración pública.
- c) A competencia para coñecer desta demanda corresponderá á orde xurisdiccional civil.
- d) A competencia corresponderá á Sala do Social do Tribunal Supremo.

7 – O Real Decreto-lei 6/2023, do 19 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a execución do plan de recuperación, transformación e resiliencia en materia de servizo público de xustiza, función pública, réxime local e mecenado, introduciu modificacións no proceso monitorio. Indique a resposta correcta.

- a) Se non fose posible notificar persoalmente ao demandado o requirimento de pago, a comunicación edictal bastará para que poida ditarse orde xeral de execución.
- b) Elevouse a contía do proceso de seis mil a quince mil euros.
- c) Elevouse a contía de seis mil a dezoito mil euros.
- d) Recóllese expresamente a necesidade de mediación ou conciliación previa.

8 - O Real Decreto-lei 6/2023, do 19 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a execución do plan de recuperación, transformación e resiliencia en materia de servizo público de xustiza, función pública, réxime local e mecenado, introduce na Lei reguladora da xurisdición social a figura do preito testemuña. Indique a resposta correcta.

- a) O xuíz ou tribunal ante quen estivese pendente unha pluralidade de procesos con idéntico obxecto e mesma parte demandada, concorrendo os requisitos esixidos no artigo 86 bis da lei, tramitará o preito testemuña, só se media solicitude de parte.
- b) O xuíz ou tribunal ante quen estivese pendente unha pluralidade de procesos con idéntico obxecto e mesma parte demandada, concorrendo os requisitos esixidos no artigo 86 bis da lei, tramitará preceptivamente o preito testemuña, previa audiencia das partes.**
- c) A preferencia dun ou varios procesos respecto ao resto realízase tendo en conta a materia sobre a que versen.
- d) A sentenza ditada no preito testemuña será recorrible en suplicación só se procede por razón da contía ou da materia.

9 - Se unha empresa conta con vinte e oito empregados, a quen corresponde a representación destes para a defensa dos seus intereses?

- a) Aos delegados de persoal en número de tres.
- b) A un só delegado de persoal.**
- c) Ao comité de empresa cun máximo de tres membros.
- d) Ao comité de empresa cun máximo de trece membros.

10 - O comité de empresa ten dereito a ser informado polo empresario acerca das estatísticas sobre o índice de absentismo e as causas, os accidentes de traballo e enfermidades profesionais e as súas consecuencias, os índices de sinistralidade, os estudos periódicos ou especiais do medio ambiente laboral e os mecanismos de prevención que se utilicen. Con que frecuencia?

- a) Cunha periodicidade mensual.
- b) Cunha periodicidade trimestral.**
- c) Cunha periodicidade quincenal.
- d) Unha vez ao ano.

11 – Joan sufriu un accidente laboral polo que permaneceu trescentos sesenta e cinco días en situación de incapacidade temporal. A pesar de que non se atopa completamente curado das súas lesións recibe a alta médica, polo que acode ao seu despacho para pedir que presente unha demanda de impugnación da alta médica. Pode facelo directamente ante o xulgado do social ou é imprescindible algún trámite previo?

- a) Pode facelo directamente.**
- b) É preceptivo presentar papeleta de conciliación ante o servizo administrativo correspondente.
- c) É preceptivo presentar reclamación previa en vía administrativa ante a entidade xestora.
- d) É necesario que previamente dirixa escrito á empresa manifestando a súa desconformidade.

12 – No trámite de proposición de proba durante a vista a avogada da empresa demandada propón a reprodución no acto da gravación dunhas imaxes tomadas no centro de traballo sen coñecemento nin consentimento do persoal da empresa. Vostede, que defende os intereses da persoa traballadora no dito xuízo, non está de acordo por entender que se puido vulnerar un dereito fundamental na obtención desa proba. Como debe proceder?

- a) Se entende que na obtención da proba se puideron vulnerar dereitos fundamentais ou liberdades públicas, deberá formular protesta formal, unha vez que sexa admitida polo órgano xudicial.
- b) Se entende que na obtención da proba se puideron vulnerar dereitos fundamentais ou liberdades públicas, esta cuestión deberá suscitarse no momento da proposición de proba e o xuíz ou tribunal, tras oír as partes e, se é o caso, practicar proba, resolverá no acto. Contra esta resolución non cabe recurso.
- c) As cuestións relativas a vulneración de dereitos fundamentais e liberdades públicas na obtención das probas no proceso laboral deberán formularse no momento de anunciar recurso de suplicación.
- d) Se entende que na obtención da proba se puideron vulnerar dereitos fundamentais ou liberdades públicas, esta cuestión deberá suscitarse no momento da proposición de proba, e o xuíz ou tribunal, tras oír as partes e, se é o caso, practicar proba sobre este punto, resolverá no acto. Contra esta resolución só caberá recurso de reposición que se resolverá oralmente.

13 - A empresa OOO S.L. confeccionou o calendario de vacacións do cadro de persoal para os tres meses de verán de modo que cada mes gozará de vacacións un terzo do persoal. Dado que a produción será a mesma, a mercantil consúltalle se é posible substituír os traballadores durante as súas vacacións e, no caso afirmativo, que tipo de contrato poderá utilizar.

- a) Si pode substituír os empregados durante as súas vacacións. Para iso deberá utilizar o contrato de substitución.
- b) Si pode substituír os empregados durante as súas vacacións. Para iso deberá utilizar o contrato por circunstancias da produción.
- c) Si pode substituír os empregados durante as súas vacacións. Deberá utilizar o contrato de obra ou servizo determinado por canto, ao se tratar da actividade normal da empresa, o período de vacacións ten substantividade propia.
- d) Non se poden cubrir os períodos de vacacións do persoal con contratos temporais en ningún caso.

14 - Mireia prestou servizos nas provincias de Huelva, Almería e Granada por conta da mercantil HHH S.L., con domicilio en Barcelona. Ao recibir notificación de despedimento decide presentar demanda. Que xulgado ou tribunal é competente territorialmente para coñecer da demanda?

- a) A demanda ten que presentarse necesariamente ante os xulgados do social de Barcelona onde a empresa demandada ten o seu domicilio.
- b) A demanda poderá presentarse ante o xulgado do social dalgunha das distintas circunscricións territoriais onde prestou os seus servizos, e poderá elixir entre aquel no que teña o seu domicilio, o do contrato, se atopándose nel o demandado puidese ser citado, ou o do domicilio do demandado.
- c) A demanda deberá presentarse ante a Sala do Social da Audiencia Nacional xa que afecta o territorio de varias comunidades autónomas.
- d) A demanda poderá presentarse ante o xulgado do social dalgunha das distintas circunscricións territoriais onde prestou os seus servizos, e poderá elixir entre aquel no que teña o seu domicilio, o do contrato, se atopándose nel o demandante puidese ser citado, ou o do domicilio do demandante.

15 - A empresa XXX S.L. conta cun cadro de persoal de duascenas noventa e cinco persoas traballadoras. Ante as graves dificultades económicas que atravesas, decide reducir o importe de certos complementos por produtividade que viña aboando mensualmente aos vinte e dous empregados que prestan os seus servizos en fábrica. Como se cualificaría esta decisión empresarial?

- a) Trátase dunha modificación de condicións de traballo de carácter colectivo.
- b) Trátase dunha modificación individual das condicións de traballo xa que afecta a menos de cincuenta empregados nunha empresa con menos de trescentos traballadores.
- c) Trátase de vinte e dúas modificacións individuais de condicións de traballo.

d) Non podemos falar de modificacións de contrato ao viren amparadas en causas económicas.

16 - Representando a mercantil CCC S.L., vostede interpuxo demanda pola que impugna a imposición dunha recarga de prestacións da Seguridade Social por falta de medidas de seguridade. O seu cliente foi condenado a aboar unha importante cantidade polo accidente laboral sufrido por unha das persoas traballadoras do seu cadro de persoal e insiste en recorrer en suplicación contra a sentenza. Que trámite debe seguir?

a) Non ten máis que anuncialo por escrito.

b) Terá que anuncialo e consignar como depósito 300€.

c) Terá que anuncialo e consignar como depósito 1000€.

d) Esta sentenza por razón da materia non é susceptible de recurso de suplicación.

17 – Wenceslao sofre un accidente laboral durante o desempeño do seu traballo e inicia un período de incapacidade temporal que se prolonga durante setenta e oito días. Indique a resposta correcta.

a) O subsidio aboarase desde o segundo día de baixa no traballo e non percibirá salario nin prestación ningunha ata entón.

b) O subsidio será aboado desde o primeiro día polo Instituto Nacional da Seguridade Social ou, se é o caso, pola mutua correspondente.

c) O subsidio aboarase desde o día seguinte ao da baixa no traballo, e estará a cargo do empresario o salario íntegro correspondente ao día da baixa.

d) O subsidio será aboado a partir do cuarto día de baixa no traballo polo Instituto Nacional da Seguridade Social ou, se é o caso, pola mutua correspondente, aínda que desde o día cuarto ao décimo quinto de baixa, ambos inclusive, o subsidio estará a cargo do empresario.

18 – A Xacobe notifícaselle sentenza desacolladora da súa demanda de modificación substancial de condicións de traballo por traslado de centro que implica cambio de residencia, e declara a dita decisión empresarial xustificada por razóns obxectivas. Que consecuencias ten este pronunciamento xudicial para o traballador?

a) A sentenza que declare xustificada a decisión empresarial recoñecerá o dereito de Xacobe a extinguir o contrato de traballo con dereito a percibir unha indemnización de trinta e tres días de salario por ano de servizo, ratearanse por meses os períodos de tempo inferiores a un ano e cun máximo de doce mensualidades, e concederáselle para o efecto o prazo de quince días.

b) A sentenza que declare xustificada a decisión empresarial recoñecerá o dereito do traballador a extinguir o contrato de traballo con dereito a percibir unha indemnización de vinte días de salario por ano de servizo, ratearanse por meses os períodos de tempo inferiores a un ano e cun máximo de doce mensualidades, e concederáselle para o efecto o prazo de quince días.

c) A sentenza que declare xustificada a decisión empresarial determina a súa obriga de aceptar o traslado de centro de traballo con cambio de residencia.

d) O empregado poderá solicitar ser repostado nas súas condicións anteriores de traballo.

19 - Joan obtivo unha sentenza favorable contra o Concello para o que vén prestando servizos laborais desde hai vinte anos. A pesar de que transcorreron varias semanas desde a súa firmeza, a entidade local non procede a cumprir o resolto. Pode Joan acudir ao Xulgado para solicitar a execución forzosa?

a) Si. Desde a firmeza da sentenza Joan pode solicitar a execución forzosa ao xulgado.

b) Joan poderá solicitar a execución forzosa da sentenza en todo caso se transcorreron dous meses desde a súa firmeza.

c) É o órgano xudicial quen en sentenza indicará, en todo caso, o prazo co que conta a Administración ou Entidade pública demandada para executala e, por tanto, transcorrido este, se non se cumprir voluntariamente, poderá solicitar a súa execución a parte.

d) Salvo que en sentenza se fixase outro prazo diferente, Joan poderá solicitar a execución forzosa se transcorreron xa dous meses desde a súa firmeza.

20 - En materia de recursos no proceso laboral sobre impugnación de sanción, cal das seguintes respostas é a correcta?

a) Non procederá recurso de suplicación, entre outros, nos procesos relativos a impugnación de sanción por falta que non sexa moi grave, así como por falta moi grave non confirmada xudicialmente.

b) Nos procesos de sanción non cabe recurso de suplicación.

c) Só procede recurso de suplicación nos procesos de sanción cando se trata de falta cualificada como moi grave.

d) Nos procesos relativos a impugnación de sanción sempre cabe recurso de suplicación.

21 – Ricardo obtivo o recoñecemento ao seu favor dunha incapacidade permanente total polo que veu percibindo a prestación oportuna por parte da Seguridade Social durante a tramitación do recurso de suplicación que se presentou contra a sentenza. Finalmente, o Tribunal Superior de Xustiza revogou esa decisión. Indique a resposta correcta.

a) Ricardo deberá reintegrar as cantidades percibidas durante a tramitación do recurso.

b) Ricardo non está obrigado a reintegrar as cantidades que xa recibise efectivamente durante o período de execución provisional pero non terá dereito a percibir máis.

c) Ricardo non só fará súas as cantidades que xa percibise durante o período de execución provisional senón que tamén terá dereito a que se lle aboen as prestacións devindicadas durante a tramitación do recurso e que aínda non percibise na data de firmeza da sentenza.

d) Ricardo deberá reintegrar o percibido durante a tramitación do recurso e ademais facer fronte ás custas do proceso.

22 - Tras a tramitación dun preito de despedimento, a traballadora Elena obtivo unha sentenza firme favorable contra a empresa que xa optara pola readmisión. Como non recibe ningunha comunicación daquela sobre a súa data efectiva de reincorporación, Elena acode ao seu despacho preguntando cal é o prazo para solicitar a execución da resolución ante o xulgado do social. Cal sería a súa resposta?

a) O empresario debeu comunicar a Elena por escrito, dentro dos dez días seguintes a aquel en que se lle notificase a sentenza, a data da súa reincorporación ao traballo. Se o empresario non comunicou a Elena a súa data de reincorporación, poderá solicitar esta a execución da resolución ante o xulgado do social dentro dos vinte días seguintes a aquel no que expire o indicado prazo dos dez días.

b) O empresario dispón do prazo dun mes desde a notificación para contactar co traballador e fixar a data de reincorporación. Unha vez transcorrido este prazo, se o empregado non recibise comunicación poderá solicitar a execución da resolución ante o xulgado do social dentro dos dez días seguintes á expiración do prazo anterior.

c) Salvo que na sentenza se fixe outro prazo diferente, nestes casos, o empresario dispón de dous meses a partir da firmeza da sentenza para a execución voluntaria. Só transcorrido este prazo a parte interesada poderá solicitar a execución.

d) O traballador nestes casos poderá pedir a execución da resolución ante o xulgado do social unha vez que a sentenza adquira firmeza sen suxeición a prazo ningún.

23 - O seu cliente sufriu un grave accidente de traballo. A empresa non cumpría as mínimas medidas de seguridade como constatan todos os informes do accidente. Pregúntase se poderá reclamar unha recarga de prestacións derivadas do accidente de traballo.

- a) Nunca terá dereito á recarga posto que toda a responsabilidade do accidente queda cuberta polas propias prestacións da Seguridade Social.
- b) Poderá solicitar un incremento do 100% de todas as prestacións económicas que teñan a súa causa no accidente.
- c) Poderá solicitar un incremento do 10% de todas as prestacións económicas que teñan a súa causa no accidente.
- d) Poderá solicitar un incremento de todas as prestacións económicas que teñan a súa causa no accidente dun 30 a un 50 por cento.

24 – Mentres presta servizos como condutor de camións para a empresa MMM S.L., Joaquín sofre un accidente de tráfico con resultado de lesións graves que determinan a súa incapacidade permanente total. O condutor do vehículo contrario é condenado por sentenza firme como autor dun delito de lesións por imprudencia. Indique a resposta correcta.

- a) Joaquín deberá reclamar o aboamento das prestacións de incapacidade directamente ao terceiro responsable ou, se é o caso, ao subrogado legal ou contractualmente nas súas obrigacións.
- b) As prestacións faraaas efectivas a entidade xestora, servizo común ou mutua colaboradora que corresponda, sen prexuízo de que teñan dereito a reclamar ao terceiro responsable ou, se é o caso, ao subrogado legal ou contractualmente nas súas obrigacións, o custo das prestacións que satisfixesen.
- c) O terceiro responsable ou, se é o caso, o subrogado legal ou contractualmente nas súas obrigacións, só será responsable doutras indemnizacións que se poidan declarar no procedemento penal ou civil, pero non das prestacións sanitarias.
- d) Para reclamar as prestacións tanto a entidade xestora como o traballador deberán comparecer no procedemento civil ou penal seguido para facer efectiva a indemnización.

25 – No proceso monitorio nº000 seguido ante o Xulgado do Social nº 1 de Guadalajara a empresa foi requirida de pago e transcorreu o prazo concedido sen aboar o importe reclamado e sen formular oposición. Que trámite ten que seguirse tras a reforma levada a cabo polo Real Decreto-lei 6/2023, do 19 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a execución do plan de recuperación, transformación e resiliencia en materia de servizo público de xustiza, función pública, réxime local e mecenado?

- a) Darase traslado á parte demandante para que manifeste no prazo de tres días o que ao seu dereito conveña. Se solicita vista, convocarase esta seguindo a tramitación do procedemento ordinario.
- b) Arquivarase o proceso.
- c) Darase por terminado o proceso con traslado á parte demandante para que inste o despacho de execución.
- d) Darase traslado á parte demandante por prazo de tres días para que, se é o caso, solicite o arquivo e terminación do proceso monitorio.

Preguntas de reserva

1 - En relación coa intervención no proceso laboral do Fondo de Garantía Salarial, indique cal das seguintes respostas é correcta.

- a) O Fondo de Garantía Salarial dispoñerá de plenas facultades de actuación no proceso como parte, e poderá opoñer toda clase de excepcións e medios de defensa, aínda os persoais do demandado, e cantos feitos obstativos, impeditivos ou modificativos poidan dar lugar ao rexeitamento total ou parcial da demanda. Ademais, poderá propoñer e practicar proba e interpoñer toda clase de recursos contra as resolucións interlocutorias ou definitivas que se diten.
- b) O Fondo de Garantía Salarial dispoñerá de plenas facultades de actuación no proceso como parte, e poderá opoñer toda clase de excepcións e medios de defensa, excepto os persoais do demandado, e cantos feitos obstativos, impeditivos ou modificativos poidan dar lugar ao rexeitamento total ou parcial da demanda. Ademais, poderá propoñer e practicar proba e interpoñer toda clase de recursos contra as resolucións interlocutorias ou definitivas que se diten.
- c) O Fondo de Garantía Salarial dispoñerá de plenas facultades de actuación no proceso como parte só cando fose traído a este por algunha das restantes partes procesuais.
- d) O Fondo de Garantía Salarial poderá comparecer como parte en calquera fase ou momento da tramitación do proceso, cando resulte necesario en defensa dos intereses públicos que xestiona e dispoñerá de plenas facultades de actuación, excepto a de interpoñer recurso contra a sentenza.

2 – Ainhoa, empregada da mercantil YYY S.L, obtén sentenza favorable á súa reclamación de complementos salariais. A empresa, desconforme coa resolución, interpón recurso de suplicación polo que pregunta á súa avogada se pode executarse provisionalmente esta sentenza. Indique a resposta correcta.

- a) Si. Terá dereito a obter anticipos a conta daquela, garantindo o Estado o seu reintegro e realizando, se é o caso, o seu aboamento, nos termos establecidos na lei. O anticipo alcanzará, como máximo total, ata o 50 por cento do importe da cantidade recoñecida na sentenza, que se aboará sempre dunha soa vez.
- b) Si. Terá dereito a obter anticipos a conta daquela, garantindo o Estado o seu reintegro e realizando, se é o caso, o seu aboamento, nos termos establecidos na lei. O anticipo alcanzará, como máximo total, ata o 30 por cento do importe da cantidade recoñecida na sentenza, que se aboará dunha soa vez.
- c) Si. Terá dereito a obter anticipos a conta daquela, garantindo o Estado o seu reintegro e realizando, se é o caso, o seu aboamento, nos termos establecidos na lei. O anticipo alcanzará, como máximo total, ata o 50 por cento do importe da cantidade recoñecida na sentenza, e poderá aboarse en períodos temporais durante a tramitación do recurso.
- d) Si. Terá dereito a obter anticipos a conta daquela, garantindo o Estado o seu reintegro e realizando, se é o caso, o seu aboamento, nos termos establecidos na lei. O anticipo alcanzará, como máximo total, ata o 30 por cento do importe da cantidade recoñecida na sentenza, e poderá aboarse en períodos temporais durante a tramitación do recurso.